



ANTEPROXECTO DE LEI

# LEI DE EDUCACIÓN DIXITAL DE GALICIA



ANTEPROXECTO DE LEI

# LEI DE EDUCACIÓN DIXITAL DE GALICIA

# ÍNDICE

<b>EXPOSICIÓN DE MOTIVOS</b>	<b>5</b>	<b>Deberes do alumnado</b>	<b>26</b>
<b>TÍTULO PRELIMINAR</b>	<b>16</b>	Artigo 21. Uso responsable das tecnoloxías dixitais	26
<b>Disposicións xerais</b>	<b>16</b>	Artigo 22. Protección da convivencia e integridade dixital	26
Artigo 1. Obxecto	16	Artigo 23. Uso adecuado das identidades dixitais	26
Artigo 2. Ámbito de aplicación	16	Artigo 24. Incumprimento dos deberes	27
Artigo 3. Fins	16	<b>TÍTULO II</b>	<b>28</b>
<b>Principios xerais</b>	<b>18</b>	<b>Dereitos e deberes do profesorado en materia de educación dixital</b>	<b>28</b>
Artigo 4. Principios xerais	18	Artigo 25. Dereitos do profesorado no ámbito dixital	28
Artigo 5. Equidade e inclusión dixital	18	Artigo 26. Deberes do profesorado no ámbito dixital	29
Artigo 6. Calidade educativa e innovación pedagóxica	18	Artigo 27. Autoridade pública do profesorado nos contornos dixitais	30
Artigo 7. Desenvolvemento gradual da competencia dixital	19	Artigo 28. Formación en competencia dixital do profesorado	31
Artigo 8. Educación híbrida	19	Artigo 29. Procesos selectivos e provisión de postos de traballo dos centros docentes públicos	31
Artigo 9. Seguridade, ética e cidadanía dixital	20	Artigo 30. Función dos equipos directivos no ecosistema dixital do centro	32
Artigo 10. Gobernanza colaborativa e participación comunitaria	21	Artigo 31. Uso de recursos dixitais e protección de datos persoais nos centros docentes públicos	32
Artigo 11. Identidade cultural e lingüística	21	Artigo 32. Responsabilidade na xestión da información dixital do centro	34
Artigo 12. Sostibilidade e infraestrutura tecnolóxica	21	Artigo 33. Gravación das sesións educativas e docencia virtual	34
Artigo 13. Fundamentación científica	22	Artigo 34. Realización de probas en contornos virtuais	36
<b>TÍTULO I</b>	<b>23</b>	<b>TÍTULO III</b>	<b>38</b>
<b>Dereitos e deberes do alumnado en materia de educación dixital</b>	<b>23</b>	<b>Os centros educativos na educación dixital</b>	<b>38</b>
<b>Dereitos do alumnado</b>	<b>23</b>	<b>Planificación e organización dixital dos centros</b>	<b>38</b>
Artigo 14. Dereito á educación dixital e á competencia dixital	23	Artigo 35. Responsabilidade dos centros na integración da educación dixital	38
Artigo 15. Igualdade de oportunidades e redución da fenda dixital	23	Artigo 36. Uso de teléfonos móbiles e dispositivos dixitais persoais nos centros docentes	38
Artigo 16. Dereito á información clara, comprensible e adaptada á idade	23	Artigo 37. Plan dixital de centro	39
Artigo 17. Dereito á protección de datos persoais	24	Artigo 38. Organización interna para a transformación dixital	40
Artigo 18. Dereito á dignidade e á protección fronte á exposición dixital indebida	24		
Artigo 19. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo	25		
Artigo 20. Dereito á desconexión dixital	25		

<b><i>Xestión dos recursos dixitais e seguridade da información</i></b>	<b>42</b>	Artigo 56. Obxecto	57
Artigo 39. Xestión dos recursos dixitais	42	Artigo 57. Principios reitores do uso da intelixencia artificial no ámbito educativo	57
Artigo 40. Contornos virtuais de aprendizaxe e interoperabilidade	42	Artigo 58. Condicións para a utilización dos sistemas de IA nos centros docentes públicos	59
Artigo 41. Protección de datos persoais e seguridade da información	43	Artigo 59. Usos permitidos dos sistemas de IA nos centros docentes	59
<b><i>Inclusión e participación dixital</i></b>	<b>44</b>	Artigo 60. Usos non permitidos dos sistemas de IA nos centros docentes	60
Artigo 42. Inclusión dixital e atención á diversidade	44	Artigo 61. Integración e control dos sistemas de intelixencia artificial nos centros docentes	61
<b><i>Avaliación e mellora da educación dixital no centro</i></b>	<b>45</b>	Artigo 62. Alfabetización en intelixencia artificial e formación da comunidade educativa	62
Artigo 43. Avaliación e mellora continua da dixitalización educativa	45		
<b>TITULO IV</b>	<b>46</b>	<b>TITULO VII</b>	<b>63</b>
<b><i>Participación e responsabilidades das familias na educación dixital</i></b>	<b>46</b>	<b><i>Da gobernanza dixital do sistema educativo galego</i></b>	<b>63</b>
Artigo 44. Uso dixital responsable no ámbito familiar e dereito á desconexión	46	<b><i>Da integración da administración dixital no ámbito educativo</i></b>	<b>63</b>
Artigo 45. Formación, apoio e acompañamento das familias	46	Artigo 63. Expediente académico electrónico do alumnado	63
Artigo 46. Protección dos dereitos da comunidade educativa na contorno dixital	48	Artigo 64. Historial académico electrónico do alumnado	63
Artigo 47. Participación das familias na educación dixital	48	Artigo 65. Rexistro de datos e responsabilidade	64
<b>TITULO V</b>	<b>50</b>	Artigo 66. Simplificación e automatización da xestión documental	64
<b><i>A educación dixital nos diferentes niveis do sistema educativo</i></b>	<b>50</b>	Artigo 67. Xestión e supresión de datos persoais ao remate da escolarización	64
Artigo 48. Gradualidade e equilibrio	50	Artigo 68. Principio de orientación ao dato	65
Artigo 49. Educación infantil	50	Artigo 69. Indicadores e avaliación do sistema educativo	66
Artigo 50. Educación primaria	51	Artigo 70. Soberanía do dato educativo	66
Artigo 51. Educación secundaria obrigatoria	52	Artigo 71. Coordinación e interoperabilidade	66
Artigo 52. Bacharelato	53	<b><i>Da Gobernanza</i></b>	<b>68</b>
Artigo 53. Formación Profesional	54	Artigo 72. Gobernanza e supervisión dos sistemas dixitais educativos	68
Artigo 54. Ensinanzas de réxime especial	55	Artigo 73. Comisión técnica para o asesoramento en Educación Dixital	68
Artigo 55. Educación de adultos	55	Artigo 74. Estratexia galega de Educación Dixital	68
<b>TITULO VI</b>	<b>57</b>	Disposición adicional única. Uso das ferramentas corporativas de xestión e datos educativos	70
<b><i>O uso da Intelixencia Artificial no ámbito educativo galego</i></b>	<b>57</b>	Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa	70
		Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor	70

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

### I

A educación dixital intégrase hoxe no propio contido esencial do dereito á educación recoñecido no artigo 27 da Constitución Española, que obriga aos poderes públicos a garantir unha formación integral, adaptada ás condicións do seu tempo e orientada ao pleno desenvolvemento da personalidade. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 31, atribúe á Comunidade Autónoma a competencia para regular e administrar o ensino en toda a súa extensión, incluíndo a capacidade para establecer medidas que aseguren a calidade, a equidade e a adecuación do sistema educativo aos retos sociais e tecnolóxicos. Neste marco, a educación dixital non pode ser entendida como un complemento instrumental, senón como unha dimensión substantiva do dereito á educación.

A transformación dixital da sociedade constitúe un dos fenómenos estruturais máis relevantes do noso tempo, con un impacto directo nos procesos educativos, na adquisición de competencias e no exercicio dunha cidadanía democrática plena. A progresiva incorporación das tecnoloxías dixitais a todos os ámbitos da vida esixe que o sistema educativo garanta unha resposta coherente, equitativa e inclusiva, capaz de preparar ao alumnado para desenvolverse de maneira crítica, segura e responsable en contornos dixitais.

O ordenamento xurídico vixente xa recolle, de forma expresa, a necesidade de integrar a competencia dixital no currículo e na práctica educativa. A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación establece entre os fins do sistema educativo o desenvolvemento de capacidades que permitan ao alumnado utilizar de maneira responsable as tecnoloxías da información e a comunicación. Así mesmo, os reais decretos polos que se establecen as ensinanzas mínimas da educación primaria e da educación secundaria obrigatoria incorporan a competencia dixital como unha das competencias clave que todo o mundo debe adquirir ao remate do ensino básico.

Así, neste contexto de transformación dixital, os sistemas educativos están chamados a garantir que todo o alumnado adquira as competencias necesarias para desenvolverse de maneira plena, crítica e responsable en contornos dixitais. Son diversas as orientacións dos

organismos internacionais que subliñan este obxectivo e o enfoque axeitado para conseguilo. Compre destacar a Recomendación do Consello de 23 de novembro de 2023 sobre a mellora da provisión de capacidades e competencias dixitais na educación e a formación, que insta a buscar un *"enfoque coherente e axeitado á idade para a provisión de capacidades e competencias dixitais en todos os niveis e tipos de educación e formación, desde unha perspectiva de aprendizaxe permanente estruturada desde a educación e atención á primeira infancia, pasando pola educación e formación primaria, secundaria e profesional, ata a educación superior e a aprendizaxe de adultos de maneira progresiva, en estreita consulta coas partes interesadas pertinentes e os interlocutores sociais, chegando a un entendemento conxunto sobre os aspectos chave que deben abordarse no desenvolvemento de capacidades dixitais para grupos de idade específicos e niveis e tipos de educación e formación"*. Esta recomendación enmárcase nas accións do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027), que establece unha visión común sobre a educación dixital de alta calidade, inclusiva e accesible en Europa.

De igual modo a Recomendación do Consello de 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente, establece o papel central da competencia dixital e de todos os recursos dixitais, polo que insta aos estados a *"ampliar e mellorar o nivel de competencias dixitais en todas as fases da educación e a formación, así como en todos os segmentos da poboación"*.

Polo tanto, dado o avance acelerado da dixitalización, unido a novas realidades sociais, económicas e tecnolóxicas, faise necesario reforzar e sistematizar a regulación autonómica existente mediante un marco normativo específico que aborde de maneira integral a educación dixital, garantindo a súa calidade, a equidade e a súa contribución ao desenvolvemento integral das persoas.



Galicia acumulou unha traxectoria sólida na incorporación ordenada da dixitalización ao sistema educativo, desde o desenvolvemento de plataformas propias ata a implantación progresiva de contornos dixitais de aprendizaxe, a formación docente especializada e a introdución de recursos tecnolóxicos nas aulas. Este percorrido, coherente coa normativa estatal –nomeadamente a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, que incorpora a competencia dixital como elemento transversal do currículo– e coa normativa europea en materia de

protección de datos (Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos; Directiva 2002/58/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xullo de 2002, relativa ao tratamento de datos persoais e á protección da intimidade no sector das comunicacións electrónicas (Directiva sobre a privacidade e as comunicacións electrónicas) e de intelixencia artificial (Regulamento Europeo 2024/1689 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xuño de 2024, polo que se establecen normas harmonizadas en materia de intelixencia artificial), sitúa Galicia nunha posición idónea para avanzar cara a unha regulación innovadora, que consolide os logros acadados e estableza un marco xurídico estable, garantista e tecnicamente solvente.

Ao longo dos últimos anos, especialmente na última década, a Comunidade Autónoma de Galicia ven desenvolvendo políticas públicas sostidas e coherentes en materia de educación dixital, artelladas a través de programas e plans específicos cun enfoque estratéxico. Esta evolución insírese no marco máis amplo da transformación dixital que, impulsada pola Xunta de Galicia, aliña as accións normativas e organizativas coas prioridades europeas en materia de desenvolvemento das competencias dixitais e dunha sociedade galega do coñecemento.

Destácase a importancia do programa Abalar, iniciado no curso 2010/2011 e consolidado nos últimos anos como infraestrutura básica da dixitalización educativa. Na súa evolución, cabe destacar o proxecto E-Dixgal, unha iniciativa para a implantación de contidos educativos dixitais nunha contorna virtual de aprendizaxe segura desde unha perspectiva híbrida e de convivencia harmónica con materiais máis tradicionais. Así, este programa permite o acceso a materiais dixitais, plataformas de traballo colaborativo e canles de interacción entre profesorado, alumnado e familias a partir de 5º de educación primaria e ao longo de todo a educación secundaria obrigatoria naqueles centros que libremente se adhíren ao mesmo. Así mesmo, incorpora accións de formación docente e de participación integral da comunidade educativa, con vontade de configurar un ecosistema dixital integrado. A traxectoria do programa Abalar/E-Dixgal achega perspectiva suficiente para definir os retos e desafíos dunha verdadeira educación dixital en Galicia.

En paralelo, a Administración autonómica ten reforzado este modelo mediante a aprobación en 2021 da Estratexia Galega de Educación Dixital 2030, concibida como un instrumento de planificación e organización orzamentaria, está orientada á mellora das competencias dixitais ao longo de todas as etapas educativas. Esta estratexia contempla

medidas como a implantación de Polos Creativos como espazos de co-creación e aprendizaxe para a comunidade educativa a través da integración de competencias dixitais e STEM; así como do desenvolvemento da creatividade, o pensamento de deseño e o pensamento computacional; en liña cos compromisos nacionais e internacionais na materia. A estratexia tamén incide na introdución de tecnoloxías emerxentes como a robótica ou a intelixencia artificial así como a acreditación da competencia dixital do profesorado e o alumnado. Para acadar unha verdadeira coherencia a nivel de centro, prevese a elaboración de plans dixitais de centro que permitan unha planificación e avaliación estruturada dos avances en ciclos de mellora continua.

Desde unha perspectiva máis ampla, estas actuacións intégranse na Estratexia Galicia Dixital 2030, que actúa como marco xeral de gobernanza dixital para a Comunidade Autónoma. Esta estratexia establece un conxunto de eixes prioritarios -entre eles, a capacitación dixital, a administración electrónica ou a conectividade – e persegue consolidar un ecosistema dixital que abarque tanto o ámbito educativo como o conxunto da sociedade. Neste contexto, a educación dixital configúrase como un elemento chave para o desenvolvemento de competencias e a redución de fendas dixitais.



Esta lei fundaméntase nos principios de calidade educativa, equidade, inclusión e accesibilidade universal, consagrados tanto na normativa educativa coma nos compromisos asumidos no ámbito europeo. O acceso aos recursos dixitais e a unha axeitada formación no seu uso non pode depender de factores territoriais, económicos, sociais ou persoais. Por isto, faise imprescindible articular medidas que contribúan á eliminación de fendas dixitais en todas as súas dimensións, asegurando que todo o alumnado, con independencia das súas circunstancias, poida beneficiarse das oportunidades que ofrece a educación dixital. Este enfoque está en liña co establecido pola Convención dereitos das persoas con discapacidade, ratificada por España no ano 2008.

A presente norma atende igualmente ao disposto na Lei orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral da infancia e a adolescencia fronte á violencia, que recoñece a necesidade de protexer ás persoas menores de idade en contornos dixitais, así como de promover un uso seguro e responsable das tecnoloxías. Neste sentido, a educación dixital debe integrar de maneira transversal a prevención de riscos asociados ao uso de internet e

dos dispositivos dixitais, incluíndo o acoso en liña, a exposición a contidos inaxeitados ou a vulneración de dereitos fundamentais.

A protección dos datos persoais e o respecto á privacidade constitúen piares esenciais no desenvolvemento da educación dixital. Esta lei alíñase co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos. Ambos instrumentos normativos establecen un marco garantista que debe ser plenamente respectado no ámbito educativo, especialmente cando se trate de datos de persoas menores de idade ou teñan un carácter de especial sensibilidade.

En consecuencia, promóvese unha educación dixital que incorpore o coñecemento e respecto dos dereitos e deberes dixitais, o desenvolvemento de hábitos seguros no tratamento da información persoal e na capacitación do alumnado para exercer un control efectivo sobre a súa identidade dixital.

## IV

A irrupción de tecnoloxías baseadas nos recursos da intelixencia artificial, tales como a intelixencia artificial xenerativa, a aprendizaxe automática e a aprendizaxe profunda, o procesamento da linguaxe natural, a minería de datos ou os sistema expertos presenta numerosas oportunidades pero tamén importantes riscos que é preciso analizar. A presente Lei toma en consideración as particularizacións que ao respecto do ámbito educativo fai o Regulamento (UE) 2024/1689 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xuño de 2024, en especial sobre os usos prohibidos e as precaucións extremas no caso de posibles usos de alto risco. Ademais, adopta un enfoque garantista coa ética no uso de sistemas de intelixencia artificial na educación que busca a máxima minimización dos nesgos que inevitablemente a acompañan sen menoscabo do uso das súas potencialidades para a mellora dos procesos de ensino aprendizaxe e a xestión educativa.

Particularízase tamén para o ámbito educativo a Lei 2/2025, de 2 de abril, para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia, de xeito que se integren os

seus preceptos no funcionamento dos centros educativos públicos de Galicia de maneira efectiva.

A lei recoñece o valor das tecnoloxías dixitais como ferramentas para a aprendizaxe, pero tamén subliña a necesidade de garantir unha coexistencia equilibrada entre os métodos de ensino tradicionais e os dixitais, unha educación híbrida. A innovación pedagóxica non pode entenderse como unha substitución indiscriminada de metodoloxías, senón como un proceso dirixido a enriquecer a práctica docente e mellorar os resultados educativos, respectando a diversidade de contextos e necesidades.

Neste sentido, promóvese un modelo educativo que combina métodos tradicionais, a interacción social e manipulativa directa e o uso pedagoxicamente xustificado dos recursos dixitais, garantindo que a tecnoloxía actúe como un medio e non como un fin en si mesma.



A presente lei aspira a dotar o sistema educativo galego dunha arquitectura normativa perdurable, capaz de responder a un ecosistema tecnolóxico en constante evolución sen perder seguridade xurídica nin coherencia institucional. Por iso incorpora principios e garantías que aseguran a protección dos dereitos do alumnado —especialmente en materia de privacidade, tratamento de datos persoais e uso seguro da intelixencia artificial— ao tempo que establece estruturas estables para a gobernanza da educación dixital en todas as etapas e modalidades educativas. A ambición é clara: que Galicia dispoña dunha regulación que non só ordene o presente, senón que se integre estruturalmente no sistema educativo e permita anticipar, con visión de longo prazo, os desafíos tecnolóxicos futuros, reforzando así a calidade, a equidade e a protección dos dereitos fundamentais no ámbito educativo.

En definitiva, esta lei ten como obxectivo establecer un marco regulador integral para a educación dixital que, de acordo coa lexislación vixente e os compromisos europeos, garanta o desenvolvemento de competencias clave para unha cidadanía dixital activa, crítica e responsable; protexa os dereitos da infancia e a adolescencia; garanta a privacidade e a seguridade no uso da tecnoloxía; e contribúa a reducir a fenda dixital, fomentando o desenvolvemento integral de todas as persoas.

O obxectivo é consolidar un sistema educativo capaz de responder aos desafíos do século XXI, reforzando o seu carácter inclusivo, equitativo e de ben común.

Esta lei estrutúrase nun título preliminar, sete títulos, unha disposición adicional e dúas disposicións derradeiras.

O título preliminar recolle as disposicións xerais, referidas ao obxecto, ao ámbito de aplicación e aos fins da lei e aos principios que orientarán a interpretación e aplicación de todas as súas disposicións, constituíndo a base na que se fundamentará o modelo de educación dixital de Galicia.

No que respecta ao ámbito de aplicación, esta lei será de aplicación aos centros docentes sostidos con fondos públicos do sistema educativo da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan as ensinanzas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio. Non se inclúen os centros docentes privados, que no exercicio da súa autonomía pedagóxica e organizativa, poderán ter en conta, no desenvolvemento dos seus proxectos educativos e estratexias de dixitalización, os principios xerais establecidos na presente lei, sen prexuízo da aplicación a estes centros do disposto na disposición adicional única. Queda excluído do ámbito de aplicación da presente lei o sistema universitario de Galicia.

Establécense como principios a equidade e inclusión dixital, a calidade educativa e innovación pedagóxica, o desenvolvemento gradual da competencia dixital, a educación híbrida, a seguridade, ética e cidadanía dixital, a gobernanza colaborativa e participación comunitaria, a identidade cultural e lingüística, a sostibilidade e infraestrutura tecnolóxica, e a fundamentación científica.

O título I regula os dereitos e deberes do alumnado en materia de educación dixital.

Como dereitos establécense o dereito á educación dixital e a competencia dixital consonte ao seu grado de madurez, asegurando que ao remate da escolaridade obrigatoria, o alumnado acade os niveis competencias establecidos polo currículo vixente, dunha forma progresiva, equilibrada e supervisada polo profesorado. Así mesmo, o dereito de igualdade de oportunidades e redución da fenda dixital; o dereito a recibir unha información clara, comprensible e adaptada á idade; o dereito á protección de datos persoais; o dereito á dignidade e á protección fronte á exposición dixital indebida; e o dereito á desconexión dixital.

Establécese así mesmo que a Administración educativa fomentará o uso dos medios e recursos dixitais no sistema educativo que contribúa á plena inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A súa vez inclúense como deberes do alumnado en relación ao uso responsable das tecnoloxías dixitais, a protección da convivencia e integridade dixital, e ao uso adecuado das identidades dixitais.

O título II regula os dereitos e deberes do profesorado en materia de educación dixital.

A lei reforza o papel do profesorado como axente clave na transformación dixital da educación, delimitando os seus dereitos e deberes no marco do ensino dixital e promovendo o seu desenvolvemento profesional continuo en competencias dixitais e metodoloxías innovadoras, en liña cos marcos europeos e nacionais. Do mesmo xeito, fomenta a participación da comunidade educativa no deseño e implementación de estratexias dixitais, garantindo unha abordaxe inclusiva e colaborativa.

Establécense dereitos específicos do profesorado no ámbito dixital, entre os que se atopan contar con medios e recursos dixitais axeitados, recibir formación en competencia dixital, autonomía pedagóxica e creatividade dixital, participación na planificación dixital do centro, protección xurídica e apoio institucional fronte a calquera forma de violencia en contornos dixitais, a privacidade e identidade dixital e a desconexión dixital fóra da xornada laboral.

Pola súa parte refírense como deberes do profesorado no ámbito dixital o deber de empregar de forma eficaz as ferramentas e recursos dixitais co obxecto de optimizar a aprendizaxe do alumnado, a través da integración pedagóxica das tecnoloxías; o cumprimento das normas e protocolos; a seguridade e integridade dos sistemas; a protección da convivencia dixital; a comunicación e dilixencia na detección de riscos e a participación na planificación dixital do centro.

Por outra banda regúlanse aspectos coma a condición de autoridade pública do profesorado nos contornos dixitais, a súa formación en competencia dixital, e a prohibición da gravación das sesións de clase, titorías ou calquera actividade docente salvo autorización expresa previa, como garantía do dereito do profesorado a exercer a súa actividade en condicións de respecto e seguridade tamén nos contornos dixitais.

O título III, relativo aos centros educativos na educación dixital, estrutúrase en catro capítulos adicados respectivamente á planificación e organización dixital dos centros, á xestión dos recursos dixitais e seguridade da información, a inclusión e participación dixital e a avaliación e mellora da educación dixital no centro.

Destaca a inclusión na lei da prohibición do uso de teléfonos móbiles, xa establecida no artigo 19.4 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, tras a redacción dada pola Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, destacando como novidade que a excepcionalidade do seu uso para as actividades pedagóxicas que se establezan para o alumnado só caberá a partir do terceiro curso de ensinanza secundaria obrigatoria e sempre que se especifiquen na programación xeral anual e que se desenvolvan baixo supervisión do profesorado, empregándose en condicións controladas e con garantías de protección de datos e seguridade dixital, e se establezan alternativas para o alumnado que non dispoña de móbil.

Establécense obrigas para as persoas responsables de promover e coordinar as iniciativas de dixitalización no centro.

Finalmente prevese un proceso de avaliación continua da transformación dixital dos centros docentes, co fin de detectar fortalezas e áreas de mellora e garantir con isto a calidade do proceso.

O título IV, regula á participación e responsabilidades das familias na educación dixital. Considérase clave o papel das familias como principais axentes educadores co-responsables no desenvolvemento de competencias dixitais, especialmente no que respecta á formación de hábitos e actitudes éticas, responsables e saudables.

Establécense deberes e dereitos destas, entre os que se atopan o deber de promover un uso equilibrado e responsable das tecnoloxías dixitais por parte dos menores ao seu cargo; o seu dereito á desconexión dixital, ao igual que se recolle para alumnado e profesorado; ou o establecemento do impulso de medidas de formación e acompañamento ás familias para reforzar a súa implicación positiva no proceso de educación dixital e o seu dereito e deber de participar na definición, desenvolvemento e avaliación das políticas e actuacións de educación dixital, tanto no ámbito do seu centro educativo coma a nivel do sistema educativo en xeral.

O título V da lei recolle a educación dixital nos diferentes niveis do sistema educativo baixo o principio de gradualidade e equilibrio, procurando a a incorporación progresiva das tecnoloxías dixitais de acordo co grao de madurez e desenvolvemento do alumnado e, en especial, atendendo ás súas necesidades específicas, nas distintas etapas, ciclos, graos, cursos e niveis do sistema educativo.

O título VI regula o uso da Intelixencia Artificial no ámbito educativo galego, e o título VII establece a gobernanza dixital do sistema educativo galego, regulando o expediente académico electrónico do alumnado e o historial académico electrónico, a xestión e supresión de datos persoais ao remate da escolarización e o principio de orientación ao dato, así como a creación da Comisión técnica para o asesoramento en Educación Dixital, coa natureza de grupo de traballo, e a regulación da Estratexia galega de Educación Dixital.

A lei remata cunha disposición adicional única na que se establece para todos os centros docentes do sistema educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, con independencia da súa titularidade, que impartan ensinanzas reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a obriga de utilizar as aplicacións e ferramentas corporativas de xestión académica e administrativa que a consellería en materia de educación poña a súa disposición, para a comunicación dos datos e información necesarios para o exercicio das funcións de planificación, avaliación, inspección e elaboración de estatísticas educativas oficiais; e dúas disposicións derradeiras.

## VII

Esta lei axústase aos principios de boa regulación previstos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, no que se exige que *«en todas as iniciativas normativas xustificarse a adecuación destas aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia»*.

O principio de necesidade desta iniciativa legislativa vén determinado por canto o seu contido unicamente pode ser regulado mediante unha norma con rango de lei, non existindo no noso ordenamento xurídico norma algunha que regule a educación dixital. Respéctase o principio de proporcionalidade, dado que para conseguir os obxectivos da lei se realiza un esforzo de simplificación e integración da normativa vixente.

Préstase especial atención á efectividade do principio de seguridade xurídica, directamente conectado coa integración coherente da nova norma no ordenamento xurídico vixente, de maneira que o resultado sexa un marco normativo estable, claro, integrado e de certeza; e ao principio de transparencia, promovendo a máis ampla participación da cidadanía en xeral e, en particular, dos operadores técnicos e xurídicos implicados na materia, tanto na elaboración da propia lei como na fase de planificación, e sen menoscabo dos procedementos de participación que poidan estar previstos noutras normas, así como ao principio de accesibilidade, garantindo o acceso a toda a información de que dispoña a Administración na materia obxecto de regulación.

Finalmente, en virtude dos principios de simplicidade e eficacia, e dentro do obxectivo de simplificación administrativa e da normativa de aplicación, evítanse as cargas administrativas innecesarias ou accesorias, o que supón a racionalización dos recursos públicos asociados á tramitación dos procedementos administrativos relacionados con elas.

Na tramitación do anteproxecto de lei observáronse todas as garantías exixidas pola lexislación vixente en materia de participación pública, promovendo unha participación pública real e efectiva ao longo de todo o procedemento de tramitación.

## TÍTULO PRELIMINAR

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### **Artigo 1. *Obxecto***

1. A presente lei ten por obxecto establecer o marco para o desenvolvemento e integración da educación dixital no sistema educativo da Comunidade autónoma de Galicia promovendo o acceso equitativo ás tecnoloxías da información e da comunicación (en diante TIC) como ferramentas esenciais para a aprendizaxe, a inclusión, a innovación e o desenvolvemento integral do alumnado, o desenvolvemento das competencias dixitais e a transformación pedagóxica e organizativa dos centros educativos.
2. Para estes efectos, a lei define un modelo de dixitalización educativa fundamentada na equidade no acceso, na formación continua do profesorado, no uso educativo crítico e seguro das tecnoloxías, na creación de contidos dixitais de calidade e no respecto á diversidade cultural e lingüística de Galicia, coa promoción activa do uso da lingua galega en todos os ámbitos da educación dixital.

##### **Artigo 2. *Ámbito de aplicación***

1. A presente lei é de aplicación a todos os centros docentes sostidos con fondos públicos do sistema educativo da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan as ensinanzas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
2. Os centros docentes privados non incluídos no apartado anterior, no exercicio da súa autonomía pedagóxica e organizativa, poderán ter en conta, no desenvolvemento dos seus proxectos educativos e estratexias de dixitalización, os principios xerais establecidos na presente lei.
3. Queda excluído do ámbito de aplicación desta lei o sistema universitario de Galicia, que se rexe pola súa normativa específica.

##### **Artigo 3. *Fins***

A lei ten como fins:

- a. Garantir o acceso universal e equitativo ás tecnoloxías dixitais no sistema educativo galego, reducindo a fenda dixital entre centros, contornos e colectivos en situación de vulnerabilidade.

- b. Impulsar a integración pedagóxica das tecnoloxías dixitais nos procesos de ensino e aprendizaxe, promovendo metodoloxías activas, inclusivas e centradas no desenvolvemento competencial do alumnado.
- c. Fomentar o desenvolvemento da competencia dixital en todo o alumnado, desde unha perspectiva crítica, creativa, ética e responsable, como elemento clave para a cidadanía plena na sociedade do coñecemento.
- d. Asegurar a formación e o acompañamento do profesorado no uso didáctico das tecnoloxías dixitais, promovendo a súa actualización profesional continua e o seu liderado en innovación educativa.
- e. Reforzar a transformación dixital dos centros educativos, dotándoos de infraestruturas adecuadas, recursos tecnolóxicos e unha organización orientada á mellora continua e á sostibilidade dixital.
- f. Protexer os dereitos dixitais do alumnado e do persoal docente, velando pola privacidade, a seguridade en liña, o benestar dixital e a utilización ética dos datos persoais.
- g. Promover unha gobernanza educativa participativa e inclusiva, baseada na colaboración entre administracións, centros educativos, familias, entidades sociais e sector tecnolóxico.
- h. Contribuír ao desenvolvemento económico e social da Comunidade Autónoma de Galicia, conectando a educación dixital cos retos do emprego, a innovación, a sostibilidade e a cohesión territorial.
- i. Asegurar o respecto á diversidade lingüística e cultural de Galicia, promovendo a presenza activa e a creación de contidos dixitais en galego nas plataformas, ferramentas e servizos dixitais educativos, conforme o marco legal vixente, e contribuíndo á súa normalización e uso habitual entre o alumnado e o profesorado.

## CAPITULO II

### Principios xerais

#### **Artigo 4. *Principios xerais***

1. Os principios recollidos nesta lei orientarán a interpretación e aplicación de todas as súas disposicións constituíndo a base fundamental do modelo de educación dixital de Galicia.
2. A administración educativa promoverá o desenvolvemento de estratexias de educación dixital aliñadas cos citados principios, co obxectivo de garantir o benestar dixital e a plena inserción do alumnado na sociedade dixital e a aprendizaxe dun consumo responsable e uso crítico e seguro dos medios dixitais, respectuoso coa dignidade humana, a xustiza social e a sostibilidade ambiental, a neutralidade ideolóxica, os valores constitucionais e os dereitos fundamentais.

#### **Artigo 5. *Equidade e inclusión dixital***

1. A Administración educativa deberá garantir que todas as actuacións en materia de educación dixital se orienten á redución das desigualdades de acceso, uso e aproveitamento das TIC no ámbito educativo, atendendo especialmente ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, de centros educativos das contornas rurais e pertencentes aos colectivos de risco de exclusión social.
2. A inclusión dixital constituirá un criterio transversal na planificación, execución e avaliación das políticas educativas, co obxectivo de non deixar a ninguén atrás e contribuír a unha educación máis xusta, cohesionada e accesible para toda a cidadanía galega.

En particular, procurarase a adaptación dos contidos, plataformas e ferramentas e servizos dixitais aos criterios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas, de forma que se garanta a participación plena e autónoma de todas as persoas, con independencia da súa capacidade, sexo, orixe, contorno socioeconómico ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. En todo caso, evitarase calquera forma de discriminación ou nesgo no ámbito dixital educativo, asegurando a igualdade de oportunidades para todo o alumnado.

### **Artigo 6. *Calidade educativa e innovación pedagóxica***

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá un modelo de educación dixital que contribúa activamente á mellora da calidade do sistema educativo, impulsando a innovación metodolóxica, a excelencia pedagóxica e a adaptación dos procesos de ensino e aprendizaxe aos retos da sociedade dixital.
2. Así mesmo, impulsaranse actuacións que favorezan a incorporación efectiva das tecnoloxías dixitais como ferramentas para transformar a práctica docente, mellorar a motivación e o rendemento do alumnado, diversificar os recursos didácticos e facilitar a personalización da aprendizaxe. A integración das TIC farase buscando metodoloxías diversas e innovadoras, que maximicen os beneficios pedagóxicos de cada recurso e compensen as súas eventuais limitacións.

### **Artigo 7. *Desenvolvemento gradual da competencia dixital***

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia fomentará a adquisición progresiva da competencia dixital do alumnado, procurando a incorporación progresiva das tecnoloxías dixitais nas distintas etapas, ciclos, graos, cursos e niveis do sistema educativo, de acordo co grao de madurez e desenvolvemento do alumnado e, en especial, atendendo ás súas necesidades evolutivas.
2. As actuacións en materia de educación dixital axustaranse á idade do alumnado, garantindo que a integración das ferramentas dixitais se realice de forma axeitada en cada nivel educativo. No ámbito das competencias autonómicas e de conformidade coa normativa básica estatal, os currículos educativos incorporarán de forma transversal e específica contidos dirixidos a que o alumnado adquira as habilidades dixitais necesarias, incluíndo: a alfabetización mediática, o uso crítico, seguro e responsable de Internet, a comunicación e colaboración en liña, a programación básica e a creación de contidos dixitais.

### **Artigo 8. *Educación híbrida***

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá unha educación que integre de forma planificada e complementaria o uso de metodoloxías, recursos e ferramentas didácticas convencionais con aquelas dixitais e innovadoras, tanto en procesos educativos presenciais como noutros contornos de aprendizaxe: modalidades mixtas ou a distancia. Este modelo ten por finalidade ampliar as oportunidades educativas do alumnado, facilitar a personalización da aprendizaxe, fomentar a súa autonomía e mellorar a calidade e inclusión do sistema educativo galego.

2. A educación híbrida concíbese como un modelo flexible e centrado no desenvolvemento competencial do alumnado, aliñado cos principios establecidos neste capítulo.

### **Artigo 9. *Seguridade, ética e cidadanía dixital***

1. A educación dixital incluírá, de forma transversal, a formación do alumnado en valores éticos, no uso seguro e responsable das tecnoloxías, na protección dos datos persoais e no fomento do seu benestar dixital. Así mesmo, impulsarase a alfabetización mediática, a conciencia sobre os dereitos e deberes no contorno dixital e o exercicio dunha cidadanía dixital activa, crítica e comprometida.
2. A consellería competente en materia de educación establecerá directrices e protocolos para asegurar contornos dixitais seguros e inclusivos, con especial atención á prevención e resposta fronte ao ciberacoso, á protección dos datos persoais e á promoción dunha convivencia dixital respectuosa.

Os centros educativos integrarán, no seu plan de convivencia, medidas específicas relacionadas coa xestión ética das interaccións dixitais que se determinen polas citadas directrices e protocolos, de acordo coa súa autonomía pedagóxica e organizativa.

3. Así mesmo, garantirase o exercicio dos dereitos fundamentais no ámbito dixital educativo, incluíndo a liberdade de expresión, a intimidade e a protección dos datos persoais do alumnado e do persoal docente. As tecnoloxías empregadas deberán cumprir cos principios de privacidade desde o deseño e por defecto, e fomentarse no alumnado a adquisición de habilidades para identificar riscos en liña, recoñecer e combater a desinformación, e actuar con responsabilidade e espírito crítico no ecosistema dixital.

Ao longo de todo o proceso de aprendizaxe, procurarase que o alumnado desenvolva as capacidades propias dunha cidadanía dixital consciente e responsable. Con este fin, reforzarase que o alumnado:

- a. Aprenda a utilizar correctamente as TIC, cumprindo as normas de comportamento respectuoso en liña (netiqueta), de maneira que contribúan a un contorno dixital escolar seguro e cordial.
- b. Aprenda a empregar as TIC de forma segura, para o cal se lles ensinarán estratexias básicas de ciberseguridade e privacidade. Concienciarase o alumnado sobre a importancia de protexer os seus datos persoais, de preservar a súa identidade dixital e de actuar con precaución ante riscos en liña.

- c. Desenvolva o espírito crítico fronte á información dispoñible en liña, adquirindo habilidades para discernir contidos veraces de noticias falsas ou información manipulada.

#### **Artigo 10. *Gobernanza colaborativa e participación comunitaria***

1. A transformación dixital será promovida mediante procesos participativos que involucren á Administración educativa, aos centros educativos, ao profesorado, ás familias, ao alumnado e aos demais axentes sociais e económicos implicados. A Administración educativa fornecerá de forma proactiva á comunidade educativa información clara, comprensible e suficiente sobre as decisións e actuacións relativas ao proceso de dixitalización educativa.

Así mesmo, co fin de asegurar a mellora continua do sistema galego de educación dixital garantirase a axeitada participación da comunidade educativa e da sociedade en xeral nos procesos de deseño e avaliación da educación dixital.

2. Fomentarase a corresponsabilidade e a cooperación interinstitucional, así como a transparencia e avaliación das políticas educativas que sexan implementadas.

#### **Artigo 11. *Identidade cultural e lingüística***

1. A educación dixital na Comunidade Autónoma de Galicia deberá promover e protexer a identidade cultural, patrimonial e lingüística galega. A incorporación das tecnoloxías realizarase con perspectiva de integración da lingua galega, fomentando a súa presenza activa en contornos e recursos dixitais.
2. Así mesmo, fomentarase a creación e dispoñibilidade de recursos dixitais en galego que contribúan ao fortalecemento da súa presenza no ámbito educativo e tecnolóxico, promovendo unha cidadanía dixital plenamente competente e comprometida coa lingua e a cultura galegas.

#### **Artigo 12. *Sostibilidade e infraestrutura tecnolóxica***

1. A planificación, adquisición e dotación de infraestruturas e recursos tecnolóxicos no ámbito da educación dixital realizarase de acordo con criterios de sostibilidade ambiental, eficiencia, accesibilidade universal e uso responsable dos recursos públicos de conformidade coa normativa vixente.

2. No marco das políticas de dixitalización educativa, promoverase o uso de solucións tecnolóxicas baseadas en software libre ou de código aberto, así como de solucións interoperables e servizos dixitais públicos, sempre que resulten adecuadas para os fins educativos perseguidos e sexan compatibles coa normativa aplicable en materia de contratación pública, competencia e neutralidade tecnolóxica.
3. A Administración educativa impulsará unha infraestrutura tecnolóxica resiliente, segura e adaptable ás necesidades do sistema educativo galego, que permita a súa actualización progresiva e favoreza a continuidade, calidade e inclusión dos procesos educativos dixitais.

### **Artigo 13. *Fundamentación científica***

1. As decisións e actuacións en materia de educación dixital deberán fundamentarse na evidencia científica, en estudos independentes, e en metodoloxías validadas pola comunidade científica e educativa, garantindo a súa actualización continua. A planificación de novas medidas ou a introdución de tecnoloxías emerxentes nas aulas basearase en estudos previos que avalíen o seu impacto pedagóxico, social e ético, evitando cambios non contrastados con evidencia científica.
2. A Administración educativa fomentará a realización de investigacións independentes e avaliacións sobre a eficacia das distintas iniciativas de educación dixital implantadas, en colaboración con organismos especializados: universidades, institutos de investigación educativa, etc. Os resultados destas avaliacións serán utilizados para reorientar ou perfeccionar as políticas e programas, de modo que se consolide un ciclo de mellora continua sustentado en datos obxectivos.
3. Así mesmo, a Administración educativa manterase atenta ás recomendacións e estándares que emanen dos organismos nacionais e internacionais competentes no ámbito da educación e a transformación dixital.

## TITULO I

### Dereitos e deberes do alumnado en materia de educación dixital

## CAPITULO I

### Dereitos do alumnado

#### **Artigo 14. Dereito á educación dixital e á competencia dixital**

1. O alumnado ten dereito á educación dixital e a adquirir e desenvolver a súa competencia dixital consonte ao seu grao de madurez, garantindo un uso crítico, seguro, ético e responsable das tecnoloxías dixitais, tanto no ámbito académico como no seu desenvolvemento persoal, social e profesional.
2. O sistema educativo garantiralle ao alumnado, ao remate da escolaridade obrigatoria, a adquisición dos niveis de competencia dixital establecidos no currículo vixente e na normativa estatal e autonómica de desenvolvemento.
3. A adquisición desta competencia realizarase de forma progresiva, equilibrada e supervisada polo profesorado, asegurando que a autonomía crecente do alumnado se desenvolve en condicións de seguridade.

#### **Artigo 15. Igualdade de oportunidades e redución da fenda dixital**

1. O alumnado ten dereito a acceder, en condicións de igualdade, aos medios dixitais necesarios para as aprendizaxes establecidas no currículo.
2. A administración educativa, no caso dos centros docentes públicos que dependan dela, garantirá a existencia de recursos dixitais suficientes, variados e non limitados a unha única tecnoloxía.
3. Promoveranse sistemas de préstamo, uso compartido dos medios dixitais e outras medidas compensatorias que eviten a fenda dixital.

#### **Artigo 16. Dereito á información clara, comprensible e adaptada á idade**

1. O alumnado ten dereito a recibir información suficiente, clara, accesible e axeitada á súa idade sobre: protocolos de uso responsable e benestar dixital dos medios dixitais, normas de protección de datos persoais, medidas de seguridade da información e regras aplicables ao uso de intelixencia artificial en contornos educativos.
2. Esta información facilitarase ao inicio de cada curso académico e estará dispoñible nun formato accesible.

3. A consellería competente en materia de educación facilitará modelos e materiais de referencia para garantir a homoxeneidade e calidade informativa.

### **Artigo 17. Dereito á protección de datos persoais**

1. O alumnado ten dereito á protección dos seus datos persoais de conformidade co disposto na normativa vixente en materia de protección de datos persoais, en particular coa normativa europea e estatal aplicable.
2. Os centros docentes deberán adoptar medidas técnicas e organizativas axeitadas para garantir a confidencialidade, integridade e seguridade dos datos persoais do alumnado, así como para limitar a súa exposición dixital innecesaria.
3. O tratamento de datos persoais do alumnado, así como a captación, difusión ou publicación da súa imaxe ou voz que se realice cunha finalidade distinta á función educativa e orientadora só poderá realizarse co consentimento expreso das persoas titoras legais ou do propio alumnado segundo a idade legalmente establecida pola normativa de protección de datos de carácter persoal. Para que o consentimento sexa válido deberá informarse previamente sobre a finalidade do tratamento e o alcance da difusión e reunir os requisitos establecidos pola normativa de protección de datos persoais.

Non poderá condicionarse a participación do alumnado en actividades educativas, complementarias ou extraescolares á autorización para a captación ou difusión da súa imaxe, voz ou doutros datos persoais fóra do eido educativo. Os centros deberán garantir a participación plena do alumnado, sen discriminación, adoitando as medidas necesarias para evitar a captación ou publicación de imaxes das persoas que non outorgasen o consentimento correspondente.

4. O profesorado non poderá utilizar, a título individual, imaxes, voz nin outros datos persoais do alumnado en redes sociais ou medios dixitais persoais no marco de actividades escolares, complementarias ou extraescolares, agás que exista autorización expresa e se respecten os principios de legalidade, proporcionalidade e minimización do tratamento.
5. A Administración educativa e os centros docentes deberán informar de forma clara e accesible á comunidade educativa sobre os dereitos en materia de protección de datos, así como deberán establecer protocolos para garantir o seu exercicio efectivo.

**Artigo 18. Dereito á dignidade e á protección fronte á exposición dixital indebida**

1. O alumnado ten dereito a desenvolver o seu proceso educativo en condicións de dignidade, privacidade e respecto no ámbito dixital.
2. De conformidade coa normativa vixente, queda prohibida a difusión ou redifusión de contidos, tarefas, imaxes, voz ou calquera outro material que poida menoscabar a dignidade, a intimidade ou os dereitos do alumnado, especialmente cando se realice a través de redes sociais ou medios dixitais alleos ao ámbito institucional do centro educativo.

**Artigo 19. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**

1. A Administración educativa fomentará que o uso dos medios e recursos dixitais no sistema educativo contribúa á accesibilidade universal, á eliminación de barreiras e á plena inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, de acordo cos principios de equidade, igualdade de oportunidades e deseño universal para a aprendizaxe.
2. A Administración educativa, no caso dos centros docentes públicos que dependan dela, coordinarase cos servizos sanitarios e sociosanitarios competentes co fin de facilitar, cando sexa necesario, produtos de apoio dixitais, recursos tecnolóxicos adaptados e asistencia técnica especializada ao alumnado que o precise.
3. O uso dos medios dixitais deberá respectar, en todo caso, a privacidade e a dignidade do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, así como do conxunto da comunidade educativa, aplicando os principios de protección de datos desde o deseño e por defecto.

**Artigo 20. Dereito á desconexión dixital**

1. O alumnado ten dereito á desconexión dixital fóra da xornada escolar que se estableza regulamentariamente, no marco do proceso educativo, sen prexuízo de recibir información relevante de maneira proporcionada e razoable.
2. O uso das tecnoloxías dixitais no ámbito educativo non poderá dar lugar á imposición de cargas excesivas nin á xeración de expectativas de dispoñibilidade permanente por parte do alumnado ou das súas familias, especialmente fóra da xornada escolar.

## CAPÍTULO II

### Deberes do alumnado

#### **Artigo 21. *Uso responsable das tecnoloxías dixitais***

O alumnado deberá:

- a. Empregar os medios dixitais do centro docente de maneira adecuada, segura e respectuosa, de conformidade coa súa finalidade educativa.
- b. Cumprir as normas internas, protocolos de uso e directrices establecidas polo centro docente e polo profesorado, especialmente aquelas relativas á seguridade da información, á protección de datos e á convivencia dixital.
- c. Absterse de realizar calquera acción que poida comprometer a seguridade dos sistemas, a integridade dos datos ou a privacidade das persoas, incluíndo o acceso non autorizado, a manipulación ou a difusión indebida de contidos dixitais.
- d. Respetar a privacidade e os datos persoais dos demais membros da comunidade educativa e absterse do uso, difusión ou redifusión non autorizada dos devanditos datos.

#### **Artigo 22. *Protección da convivencia e integridade dixital***

1. O alumnado deberá contribuír á construción dun contorno dixital escolar seguro, inclusivo e respectuoso e absterse de realizar accións de ciberacoso, difusión ou redifusión non autorizadas de contidos ou calquera outra práctica que vulnere dereitos da comunidade educativa.
2. O alumnado deberá comunicar de forma inmediata ao profesorado ou aos responsables do centro docente calquera incidente, risco ou conduta inadecuada detectada no ámbito dixital que poida afectar á seguridade, á convivencia ou aos dereitos de calquera membro da comunidade educativa.

#### **Artigo 23. *Uso adecuado das identidades dixitais***

1. O alumnado utilizará o correo electrónico e as demais credenciais ou identidades dixitais proporcionadas polo centro educativo exclusivamente para fins educativos e formativos, de acordo coas normas establecidas polo propio centro ou, no caso dos centros públicos que dependan dela, pola consellería competente en materia de educación.

2. A consellería competente en materia de educación dotará dunha conta de correo corporativo a partir do terceiro ciclo de educación primaria a todo o alumnado de centros docentes públicos que dela dependan. Así mesmo, aprobará os correspondentes protocolos de uso, as condicións de acceso e os dereitos e deberes asociados a estas contas, así como as medidas de supervisión e control necesarias para garantir o seu uso adecuado e o benestar dixital do alumnado.
3. O uso destas contas non terá carácter privado e non poderá empregarse para fins alleos aos educativos. Calquera acceso aos rexistros de uso ou contidos, no seu caso, por parte do centro docente ou da Administración educativa deberá estar debidamente xustificado, limitarse ao estritamente necesario para fins educativos ou de protección e realizarse con respecto á normativa de protección de datos, aos dereitos fundamentais do alumnado e ao principio de proporcionalidade.

#### **Artigo 24. Incumprimento dos deberes**

O incumprimento inxustificado dos deberes establecidos neste capítulo poderá dar lugar á adopción das medidas educativas ou correctoras previstas na lexislación educativa vixente e nas normas de convivencia dos centros docentes, de acordo cos principios de proporcionalidade, intervención educativa e respecto aos dereitos do alumnado.

## TITULO II

### Dereitos e deberes do profesorado en materia de educación dixital

#### **Artigo 25. Dereitos do profesorado no ámbito dixital**

No exercicio da súa función docente en contornos dixitais, o profesorado gozará, ademais dos dereitos de carácter xeral recoñecidos na lexislación vixente, dos seguintes dereitos específicos:

- a. Medios e recursos dixitais axeitados: a dispor de infraestruturas, equipamentos e ferramentas dixitais que lles permita desenvolver a actividade docente con calidade, seguridade e eficacia, que no caso de centros docentes públicos determinaranse pola Administración educativa de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria e cos principios de sostibilidade financeira, eficiencia e igualdade territorial.
- b. Formación e desenvolvemento profesional: a recibir formación inicial e permanente en competencia dixital docente, para mellorar as súas habilidades tecnolóxicas e pedagóxicas no uso das TIC, así como apoio por parte da Administración educativa para actualizar os seus coñecementos e adaptarse ás innovacións tecnolóxicas, de conformidade cos marcos estatais e europeos de referencia.

A Administración educativa proporcionará ao persoal docente, por medio de plans e programas específicos, formación permanente en tecnoloxías educativas e metodoloxías didácticas dixitais, co fin de que dispoñan das competencias pedagóxicas e técnicas necesarias para integrar eficazmente as TIC na práctica educativa. Esta capacitación docente en competencia dixital realizarase de conformidade co Marco estatal de Competencia Dixital docente de referencia e será obxecto de recoñecemento e acreditación oficial, contribuíndo á súa profesionalización e actualización.

- c. Autonomía pedagóxica e creatividade dixital: a elixir e utilizar metodoloxías, recursos didácticos e ferramentas dixitais que consideren máis adecuadas para o proceso de ensinanza-aprendizaxe, no marco do currículo establecido e do proxecto educativo do centro, fomentando a innovación educativa e o aproveitamento das potencialidades das tecnoloxías da información e da comunicación. As ferramentas dixitais deberán estar fornecidas ou previamente autorizadas pola consellería competente en materia de educación no caso dos centros docentes públicos que dependan dela.
- d. Participación na planificación dixital do centro: a intervir, a través dos órganos de coordinación docente e de goberno do centro, na elaboración, posta en práctica e avaliación da estratexia ou plan dixital do centro, incluíndo a definición das normas

internas de uso das tecnoloxías e de protección de datos, coa finalidade de axustar estas ferramentas ás necesidades pedagóxicas e de convivencia.

- e. Protección xurídica e apoio institucional: a que se lle garanta unha protección efectiva fronte a calquera forma de violencia, acoso, insulto ou menoscabo da súa dignidade profesional nos contornos dixitais, contando co respaldo das autoridades educativas e, de ser o caso, asesoramento xurídico ante tales situacións, en liña co establecido pola normativa de convivencia escolar no caso de centros docentes públicos.
- f. Privacidade e identidade dixital: a que se respecte a súa vida privada e a confidencialidade das súas comunicacións no ámbito dixital escolar, de acordo coa normativa vixente. Isto inclúe a protección dos seus datos persoais e da súa identidade dixital como docente, evitando a divulgación non autorizada de información persoal, imaxes ou voz en contextos alleos á súa actividade profesional.
- g. Desconexión dixital fóra da xornada laboral: a non ser requirido a través de medios electrónicos, fóra da súa xornada laboral ou dos períodos de dispoñibilidade regulamentariamente establecidos, salvo en casos de urxencia debidamente xustificados, de conformidade co previsto na normativa vixente en materia laboral.

### **Artigo 26. Deberes do profesorado no ámbito dixital**

1. O profesorado exercerá a súa función docente en contornos dixitais conforme aos principios de profesionalidade, exemplaridade, responsabilidade e respecto aos dereitos fundamentais, contribuíndo a un uso seguro, inclusivo e educativo das tecnoloxías da información e da comunicación.

En particular, son deberes do profesorado neste ámbito:

- a. Integración pedagóxica das tecnoloxías: Empregar de forma eficaz as ferramentas e recursos dixitais no desenvolvemento do currículo e nas actividades de ensinanza, co obxecto de optimizar a aprendizaxe do alumnado. O profesorado exercerá o seu labor como referente para o alumnado no uso seguro, crítico, inclusivo e ético das tecnoloxías dixitais, fomentando actitudes de respecto e responsabilidade na contorno dixital.
- b. Cumprimento das normas e protocolos: Respetar e facer respectar as normas internas do centro relativas ao uso das TIC, á protección de datos e á convivencia dixital. O profesorado deberá aplicar e observar estritamente os protocolos establecidos polo centro e pola consellería competente en materia de educación, no caso de centros docentes públicos, para o uso de dispositivos, redes, plataformas e aplicacións dixitais no ámbito escolar.

- c. Seguridade e integridade dos sistemas: Utilizar os medios dixitais do centro de xeito diligente e seguro, evitando calquera conduta ou negligencia que poida comprometer a seguridade da información, a continuidade dos sistemas ou a protección dos datos persoais da comunidade educativa.
  - d. Protección da convivencia dixital: Manter en todo momento un comportamento profesional nas interaccións en liña, absténdose de realizar ou tolerar actuacións que poidan implicar ciberacoso, humillación, discriminación, difusión non autorizada de información ou calquera outra práctica que vulnere os dereitos do alumnado, das familias ou do resto do profesorado.
  - e. Comunicación e dilixencia na detección de riscos: Informar con prontitude aos órganos competentes do centro ou no seu caso, da Administración educativa, acerca de incidentes de seguridade dixital, infraccións da normativa de protección de datos ou calquera conduta ilícita ou contraria á convivencia da que teña coñecemento nos contornos dixitais do centro. O profesorado colaborará na aplicación das medidas correctoras ou de protección que, no seu caso, se activen fronte a estas situacións, de acordo cos protocolos establecidos.
  - f. Participación na planificación dixital do centro: Colaborar na elaboración e desenvolvemento da estratexia ou plan dixital do centro, seguindo as directrices do equipo directivo e das autoridades educativas.
2. O incumprimento inxustificado destes deberes poderá dar lugar ás responsabilidades disciplinarias previstas na normativa educativa e de función pública ou laboral aplicable, de acordo cos principios de proporcionalidade e garantía dos dereitos do profesorado.

### **Artigo 27. Autoridade pública do profesorado nos contornos dixitais**

1. A condición de autoridade pública do profesorado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, recoñecida pola Lei 4/2011, do 30 de xuño, esténdese ás interaccións e actuacións que se desenvolvan a través de medios dixitais no exercicio das súas funcións docentes. Esta condición de autoridade pública leva aparellada a presunción de veracidade das súas actuacións e o dereito a recibir o tratamento adecuado e o respecto por parte do alumnado, das súas familias e dos demais membros da comunidade educativa, tamén nos espazos virtuais.
2. Considérase que o profesorado actúa no exercicio da súa autoridade pública nos contornos dixitais cando as comunicacións ou interaccións:
  - a. Estean vinculadas ás funcións educativas ou orientadoras.

- c. Deriven da súa condición de docente ou membro do equipo directivo.
  - d. Se realicen a través de medios ou plataformas habilitadas ou recoñecidas polo centro ou pola Administración educativa, no caso dos centros docentes públicos.
3. Os centros docentes, no marco dos seus plans de convivencia, incluírán protocolos específicos de prevención e actuación fronte a condutas de acoso, ameaza ou menosprezo dirixido contra o profesorado a través de medios dixitais.

### **Artigo 28. *Formación en competencia dixital do profesorado***

1. A formación inicial do profesorado incluírá, de acordo coa normativa aplicable, contidos teórico-prácticos sobre o uso pedagóxico das TIC , a protección de datos persoais, a seguridade en liña e o uso ético das ferramentas dixitais.
2. A consellería competente en materia de educación, a través das súas estruturas de formación permanente, programará en cada curso académico unha oferta suficiente e axustada de actividades formativas para o profesorado en materia dixital. Esta oferta abranguerá contidos técnicos, metodolóxicos e didácticos, así como contidos sobre seguridade da información, protección da privacidade, propiedade intelectual, comportamento ético en liña e outros aspectos transversais indispensables para un uso responsable das tecnoloxías na educación. A participación nestas actividades de formación continua deberá fomentarse e facilitarse, recoñecendo a súa importancia para a mellora da calidade do sistema educativo.
3. A consellería poderá establecer, nos termos da normativa aplicable, accións formativas obrigatorias cando resulten estratéxicas para o funcionamento do sistema educativo.
4. A consellería poderá establecer convenios de colaboración coas universidades para garantir a coherencia entre a formación inicial e a permanente do profesorado. A tal efecto, facilitarase que o persoal docente universitario das facultades de Ciencias da Educación e equivalentes poida acceder ás actividades de formación continua en competencia dixital organizadas pola consellería competente en materia de educación, co obxectivo de aliñar as competencias dixitais esixidas nos programas de formación inicial coas necesidades reais e actualizacións constantes do exercicio docente nas etapas non universitarias.

### **Artigo 29. *Procesos selectivos e provisión de postos de traballo dos centros docentes públicos***

1. Nos procesos selectivos de ingreso na función pública docente, a Administración xeral da Comunidade autónoma, no ámbito das súas competencias e de acordo coa normativa

básica, poderá incorporar procedementos de acreditación ou valoración da competencia dixital das persoas aspirantes. A tal efecto, poderán incluírse probas prácticas ou apartados específicos nas fases de oposición e concurso que permitan verificar o nivel de competencia dixital docente dos candidatos e a súa capacidade para integrarse nun contexto educativo dixital.

2. Nos procedementos de provisión de postos de traballo docentes que teñan características específicas valorarase de forma concreta a competencia dixital das persoas aspirantes e a súa idoneidade para o desempeño desas funcións. A baremación de méritos nestes procesos deberá reflectir a formación e experiencia en educación dixital dos aspirantes, e, de ser o caso, poderá esixirse un nivel mínimo acreditado de competencia dixital para o acceso a determinados postos. Os requisitos específicos de competencia dixital para cada tipo de posto ou función serán determinados nas correspondentes relacións de postos de traballo.

### **Artigo 30. Función dos equipos directivos no ecosistema dixital do centro**

1. O equipo directivo de cada centro educativo, e en particular a persoa que exerza a dirección, actuará como referente e impulsor do uso adecuado e eficaz das TIC no ámbito do centro. Correspóndelle promover a integración das TIC na práctica docente como ferramentas didácticas que poden mellorar os procesos de ensinanza e aprendizaxe, así como fomentar unha cultura dixital segura, ética e inclusiva na comunidade educativa.
2. As persoas directoras, no exercicio das súas competencias de organización e xestión, deberán impulsar a planificación e execución da estratexia dixital do centro dentro do proxecto educativo. Isto inclúe coordinar a elaboración e actualización do Plan Dixital de Centro ou documento análogo, garantir que o profesorado e o alumnado coñezan e cumpran as normas sobre o uso das tecnoloxías e a protección de datos, e velar por que o centro dispoña dos medios dixitais necesarios e polo uso das ferramentas dixitais fornecidas ou autorizadas pola administración educativa no caso dos centros docentes públicos. Así mesmo, o equipo directivo procurará facilitar ao seu profesorado a participación nas actividades de formación e innovación en materia dixital, sensibilizando sobre a importancia destas para a mellora continua da calidade educativa.

### ***Artigo 31. Uso de recursos dixitais e protección de datos persoais nos centros docentes públicos***

1. O profesorado deberá axustar o uso de plataformas, aplicacións e ferramentas dixitais ás directrices establecidas pola consellería competente en materia de educación, e polo centro, especialmente cando se trate de actividades que impliquen o tratamento de datos persoais ou información sensible da comunidade educativa. En particular, na xestión administrativa e académica, e en calquera outra actuación que comporte o tratamento de datos de carácter persoal do alumnado ou doutros membros da comunidade educativa, o profesorado dos centros docentes públicos empregará exclusivamente os servizos e recursos dixitais que sexan facilitados ou expresamente autorizados pola consellería con competencias en materia de educación.
2. Cando o profesorado teña dúbidas sobre a idoneidade ou conformidade legal do emprego dalgunha ferramenta ou recurso dixital específico no desenvolvemento da actividade docente, deberá consultar coa persoa designada como delegada de protección de datos da consellería competente en materia de educación ou co órgano de asesoramento tecnolóxico que corresponda, especialmente se o recurso en cuestión implicase o uso de tecnoloxías emerxentes como a intelixencia artificial. A consellería competente en materia de educación fornecerá canles e protocolos claros para que o profesorado poida realizar estas consultas e obter orientación en materia de seguridade da información e protección de datos.
3. O profesorado absterase de instalar ou usar software ou servizos non autorizados nos equipos ou plataformas do centro, especialmente se iso implica tratamento de datos persoais do alumnado ou doutro persoal do centro, e observará os principios de confidencialidade e seguridade nas súas comunicacións dixitais profesionais.
4. Para o desenvolvemento de proxectos de innovación, programas educativos internacionais ou outras actividades didácticas que requiran o uso de plataformas ou servizos dixitais non provistos pola Administración educativa, o profesorado deberá contar coa autorización previa da dirección do centro, e no caso de que se realice un tratamento de datos de carácter persoal, polo órgano superior que corresponda da consellería competente en materia de educación, e observar, en todo caso, os seguintes requisitos:
  - a. O servizo ou plataforma empregada deberá estar xestionada por unha entidade pública ou organismo oficial con sede nun Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, ou nun terceiro país que conte cunha decisión de adecuación da Comisión Europea para os efectos do artigo 45 do Regulamento (UE) 2016/679, de 27 de abril de 2016.

- b. Deberá asegurarse que a ferramenta cumpre coa normativa vixente en materia de protección de datos persoais e cos estándares do Esquema Nacional de Seguridade ou normas equivalentes que resulten aplicables.
  - c. Adoptaranse medidas para limitar a exposición da identidade real do alumnado, empregando sempre que sexa posible contas de usuario colectivas, alias ou mecanismos de pseudonimización que dificulten a identificación directa do menor no entorno dixital externo.
5. No exercicio das súas funcións de orientación educativa, de atención á diversidade ou de apoio ao alumnado con necesidades específicas, o profesorado extremará as precaucións no uso de aplicacións ou recursos dixitais que garden ou analicen datos persoais especialmente sensibles do alumnado. Estes profesionais velarán escrupulosamente polo cumprimento da normativa de protección de datos e polas restricións de acceso a esta información, empregando unicamente as ferramentas dixitais que contén coas debidas garantías de confidencialidade e seguridade, e fornecidos ou previamente autorizados pola consellería competente en materia de educación.

### **Artigo 32. *Responsabilidade na xestión da información dixital do centro***

1. Correspóndelle ao equipo directivo de cada centro educativo, e en particular á persoa que exerza a dirección, velar pola calidade, a veracidade e a protección dos datos incorporados aos sistemas oficiais de xestión académica e administrativa, plataformas educativas institucionais e demais repositorios dixitais de información do centro. Así mesmo, deberán asegurarse de que a recollida e remisión de datos estatísticos ou informes a instancias superiores se realice de forma completa, fidedigna e nos prazos establecidos.
2. O profesorado colaborará activamente na xestión adecuada da información e dos datos dixitais do centro. En especial, deberá proceder á carga, actualización, custodia e tratamento dos datos relativos ao alumnado e resto da comunidade educativa co máximo rigor e buscando a súa calidade, corrección e actualización permanente. Igualmente, atenderá ás instrucións do equipo directivo destinadas a garantir a protección desta información e a mellora continua dos sistemas dixitais do centro.

### **Artigo 33. *Gravación das sesións educativas e docencia virtual***

1. O profesorado ten dereito a exercer a súa actividade docente en condicións de respecto e seguridade tamén nos contornos dixitais.

2. Queda prohibida, salvo autorización expresa previa, a gravación en audio ou vídeo das sesións de clase, titorías ou calquera outra actividade docente, tanto se son presenciais coma se se desenvolven por medios virtuais, cando a gravación sexa realizada polo alumnado, polas familias ou por terceiras persoas alleas ao persoal docente.

Así mesmo, queda prohibida a reprodución, difusión ou redifusión destas gravacións a través de redes sociais, servizos de mensaxería instantánea ou calquera outro medio dixital alleo ao ámbito educativo.

Tales condutas, cando vulneren o dereito á intimidade, á propia imaxe ou outros dereitos dos membros da comunidade educativa, consideraranse contrarias ás normas de convivencia e poderán dar lugar ás medidas educativas, correctoras ou sancionadoras previstas na normativa vixente.

3. As sesións de clase ou outras actividades educativas só poderán ser gravadas polo centro docente ou pola Administración educativa cando resulte estritamente necesario para fins didácticos, de seguimento académico ou organizativo, e sempre con pleno respecto aos dereitos das persoas participantes.

A captación e tratamento de imaxes ou sons do profesorado e do alumnado realizarase de acordo co disposto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio e coa normativa vixente en materia de protección de datos persoais.

4. A gravación das sesións docentes deberá realizarse a través das plataformas e ferramentas habilitadas ou autorizadas polas persoas ou entidades titulares dos centros docentes ou pola consellería competente en materia de educación, no caso dos centros docentes públicos dependentes desta, garantindo en todo caso, o cumprimento da normativa de protección de datos persoais e dos principios de necesidade, proporcionalidade e minimización do tratamento.

5. Así mesmo, poderán gravarse determinadas probas ou actividades de carácter avaliativo, tales como exposicións orais, interpretacións musicais ou artísticas, prácticas de laboratorio ou similares, cando non exista outro medio eficaz para rexistrar o resultado da actividade do alumnado, cos seguintes requisitos:

- a. Estas gravacións realizaranse unicamente cos fins de avaliación e eventual revisión das cualificacións.
- b. O acceso ao contido destas gravacións estará restrinxido ao profesorado responsable da avaliación, ao propio alumnado interesado, no seu caso, á inspección educativa, e en ningún caso se difundirán nin serán empregadas fóra do ámbito académico estritamente necesario para os fins mencionados.

- c. O alumnado deberá ser informado previa e adecuadamente de que a proba ou actividade vai ser gravada con fins de avaliación.
6. A impartición de clases ou titorías mediante videoconferencia ou outros medios telemáticos realizarase exclusivamente a través das plataformas ou aplicacións que sexan proporcionadas ou autorizadas pola consellería competente en materia de educación no caso dos centros docentes públicos, garantindo que ditas ferramentas cumpren co Esquema Nacional de Seguridade e coa normativa de protección de datos persoais.

O acceso ás sesións de docencia virtual limitarase aos/ás docentes e ao alumnado implicado nas mesmas. As ligazóns, códigos de acceso ou credenciais para participar nestes espazos virtuais non poderán ser facilitados a persoas alleas á actividade educativa correspondente. En todo caso, os medios tecnolóxicos de docencia a distancia serán empregados unicamente para fins educativos e no ámbito da propia comunidade escolar.

#### **Artigo 34. *Realización de probas en contornos virtuais***

1. Na realización de probas en contornos dixitais con supervisión docente presencial, tales coma, as efectuadas polo alumnado no propio centro docente en presenza do profesorado, as realizadas en aulas hospitalarias ou na casa do alumno ou alumna baixo supervisión do persoal docente autorizado ou as probas de ensinanzas a distancia ou en liña levadas a cabo en centros examinadores designados, coa presenza de persoal docente habilitado para tal fin, corresponderalle ao profesorado presencial verificar a identidade do alumnado participante e velar polo correcto desenvolvemento da proba, nos mesmos termos e con idénticas garantías que nos exames presenciais.
2. A consellería con competencias en materia de educación poderá habilitar centros examinadores ou sedes descentralizadas para a realización de probas de ensinanzas a distancia ou semipresenciais de nivel postobrigatorio, co obxectivo de facilitar a accesibilidade do alumnado disperso xeograficamente. Nestes centros examinadores, o profesorado designado asumirá as funcións de supervisión presencial das probas virtuais, asegurando a identificación do alumnado e o cumprimento das normas de realización do exame establecidas pola Administración educativa.
3. Nas probas virtuais realizadas sen supervisión docente presencial, tales como as probas en liña realizadas polo alumnado de forma remota sen que ningún docente estea fisicamente presente xunto ao alumnado, deberán adoptarse medidas específicas para

garantir a autenticidade e fiabilidade dos resultados obtidos, preservando ao mesmo tempo os dereitos do alumnado.

Os centros docentes seguindo as instrucións da consellería con competencias en materia de educación, establecerán condicións claras de realización destas probas e comunicaranllas previamente ao alumnado afectado.

4. Aos efectos de identificación e control do alumnado nas probas a distancia sen supervisión docente presencial, cando non sexa posible utilizar alternativas menos intrusivas, poderán empregarse sistemas de videogravación continuada e técnicas de monitorización biométrica, amparándose no interese público esencial de garantir o rigor e a equidade do sistema educativo.

A aplicación destas técnicas someterase ao principio de proporcionalidade e requirirá como garantías adecuadas e específicas as seguintes:

- a. A realización previa dunha avaliación de impacto relativa á protección de datos .
- b. A imposibilidade de utilizar os datos biométricos ou as gravacións para calquera finalidade distinta á vixilancia da proba.
- c. A destrución inmediata dos datos biométricos unha vez finalizado o período de revisión ou reclamación da proba.
- d. A garantía da supervisión humana nas decisións automatizadas que poidan derivarse do uso destas ferramentas.

En todo caso, garantirase a igualdade de oportunidades e a transparencia, evitando calquera práctica que poida supoñer discriminación, fenda dixital ou indefensión para o alumnado.

## TÍTULO III

### Os centros educativos na educación dixital

## CAPÍTULO I

### Planificación e organización dixital dos centros

#### **Artigo 35. *Responsabilidade dos centros na integración da educación dixital***

1. Os centros docentes son responsables de integrar a educación dixital no seu proxecto educativo e no conxunto da súa actividade docente, organizativa e administrativa, de conformidade co disposto nesta lei, na lexislación básica estatal e demais normativa de aplicación. Isto implica garantir que a incorporación das TIC se realice de forma planificada, equitativa e segura, co fin de mellorar a calidade da educación, promover a igualdade de oportunidades e desenvolver as competencias dixitais do alumnado nun contorno de confianza dixital.
2. En todas as etapas educativas, os centros promoverán o uso adecuado de Internet e dos recursos dixitais para o desenvolvemento dunha cidadanía activa e responsable dixitalmente competente.
3. No exercicio da súa autonomía pedagóxica e de xestión, cada centro docente planificará a integración das TIC mediante a elaboración e execución dun plan dixital, e adoptará as medidas organizativas necesarias para levalo á práctica. A persoa directora do centro dirixirá e coordinará as iniciativas de dixitalización do centro, coa colaboración do claustro de profesorado e participación do Consello Escolar, nos termos previstos nesta lei e na normativa aplicable.

#### **Artigo 36. *Uso de teléfonos móbiles e dispositivos dixitais persoais nos centros docentes***

1. Co fin de protexer o benestar dixital do alumnado, garantir a convivencia escolar e favorecer un uso responsable das tecnoloxías, establécese con carácter xeral a prohibición do uso de teléfonos móbiles e doutros dispositivos dixitais persoais similares ou análogos por parte do alumnado nos centros docentes que impartan ensinanzas de educación infantil, primaria e educación secundaria obrigatoria, durante a xornada escolar e en calquera actividade incluída na programación xeral anual do centro.

Para estes efectos, considéranse comprendidos na xornada escolar, ademais dos períodos lectivos, os non lectivos como os tempos de recreo, comedor escolar, entradas

e saídas do centro, así como as actividades complementarias e extraescolares desenvolvidas baixo responsabilidade do centro.

2. A prohibición abranguerá, en particular, o uso dos dispositivos dixitais para comunicacións persoais, acceso a Internet ou a aplicacións de mensaxería, así como a captación, reprodución, difusión ou redifusión de imaxes, sons ou contidos dixitais.
3. Os teléfonos móbiles e demais dispositivos dixitais deberán permanecer apagados e gardados durante os períodos indicados, agás nos seguintes supostos:
  - a. Cando o seu uso resulte necesario por razóns de saúde debidamente acreditadas.
  - b. Nas actividades pedagóxicas expresamente previstas na programación xeral anual para o alumnado a partir do terceiro curso de educación secundaria obrigatoria desenvolvidas baixo supervisión do profesorado, en condicións controladas e con garantías de protección de datos e seguridade dixital, garantindo sempre alternativas para o alumnado que non dispoña de dispositivo.
  - c. As situacións excepcionais de emerxencia cando así o autorice a dirección do centro.
4. Os centros educativos que impartan ensinanzas de formación profesional de grao superior, de réxime especial ou de adultos, baseándose na súa autonomía organizativa e nas súas características, poderán adaptar as limitacións establecidas para os períodos non lectivos a que se refire o número un do presente artigo respecto desas ensinanzas.
5. A Consellería competente en materia de educación establecerá criterios e directrices xerais sobre a custodia, control e actuación relativos ao uso de teléfonos móbiles e dispositivos dixitais similares, incluíndo, cando proceda, a retirada temporal dos dispositivos, de acordo cos principios de proporcionalidade, finalidade educativa e respecto aos dereitos do alumnado, sen prexuízo das medidas correctoras previstas na normativa de convivencia escolar.
6. Os centros docentes incorporarán esta regulación ao seu plan de convivencia, garantindo a súa difusión e coñecemento por parte do alumnado, das familias e do persoal do centro.

### **Artigo 37. Plan dixital de centro**

1. De conformidade co artigo 121 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, o proxecto educativo de cada centro deberá incorporar unha estratexia dixital que integre o uso educativo das tecnoloxías dixitais para a consecución dos obxectivos curriculares e formativos.
2. Esta estratexia concretarase nun Plan dixital de centro, no que se planificarán as accións

de incorporación das TIC nas dimensións organizativa, pedagóxica e de comunicación coas familias.

3. O Plan dixital do centro elaborárase de acordo cos marcos de referencia internacionais e estatais vixentes, en particular co disposto no artigo 111 bis da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio e co Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg), garantindo unha visión integral e coherente da competencia dixital e innovación educativa.
4. O plan dixital do centro incluírá medidas específicas dirixidas a previr os riscos asociados ao uso inadecuado das TIC e a garantir un entorno dixital seguro e saudable no ámbito escolar.

En particular, establecerá actuacións de prevención e resposta fronte a violencia dixital e o ciberacoso, de promoción do benestar dixital do alumnado -incluíndo o uso equilibrado das pantallas, respecto aos tempos de descanso e desconexión dixital- e de eliminación de estereotipos de xénero ou calquera forma de discriminación na adquisición de competencias dixitais, fomentando a participación igualitaria de nenas e nenos nas actividades tecnolóxicas.

### **Artigo 38. Organización interna para a transformación dixital**

1. As persoas responsables de promover e coordinar as iniciativas de dixitalización no centro deberán:
  - a. Asesorar ao claustro na elaboración, desenvolvemento e avaliación do Plan dixital de centro.
  - b. Fomentar a integración pedagóxica das tecnoloxías dixitais na práctica docente e o intercambio de recursos educativos dixitais.
  - c. Colaborar cos servizos de orientación na utilización das tecnoloxías dixitais como ferramentas de atención á diversidade e accesibilidade.
  - d. Realizar o seguimento do funcionamento dos medios tecnolóxicos do centro e comunicar as incidencias ou necesidades detectadas ao equipo directivo e aos servizos técnicos competentes.
  - e. Actuar como canle de coordinación coa Administración educativa en materia de programas, innovación e formación dixital.
2. Correspóndelle ao equipo directivo, e singularmente á dirección do centro, liderar a transformación dixital no ámbito interno. Para iso deberá:

- a. Promover, no seo do claustro e do Consello Escolar, unha cultura favorable á innovación e ao uso crítico e responsable das tecnoloxías, impulsando a formación do profesorado e a participación das familias neste ámbito.
- b. Adoptar as medidas oportunas para protexer o profesorado e o alumnado fronte a condutas inadecuadas ou ilícitas que se poidan producir nas contornos dixitais do centro, conforme se sinala nesta lei e na normativa sobre convivencia escolar.
- c. Velar pola correcta distribución e emprego dos recursos tecnolóxicos no centro, garantindo a súa equidade de acceso e a súa adecuación final ás necesidades pedagóxicas.
- d. Incorporar, cando proceda, obxectivos de mellora dixital no proxecto de dirección e avalialos periodicamente.

## CAPÍTULO II

### Xestión dos recursos dixitais e seguridade da información

#### **Artigo 39. Xestión dos recursos dixitais**

1. Os centros docentes xestionarán os recursos dixitais, equipamentos tecnolóxicos e servizos dixitais postos á súa disposición pola Administración educativa conforme aos principios de eficiencia, sostibilidade, uso racional dos recursos públicos e adecuación ás necesidades pedagóxicas e organizativas do centro.
2. Os centros docentes velarán por un uso responsable e equilibrado dos recursos dixitais por parte do profesorado, do alumnado e do persoal non docente, promovendo boas prácticas de mantemento, conservación dos equipamentos e optimización do seu uso, así como evitando duplicidades innecesarias ou utilización alleas ao ámbito educativo.

#### **Artigo 40. Contornos virtuais de aprendizaxe e interoperabilidade**

1. Os contornos virtuais de aprendizaxe empregados polos centros docentes deberán cumprir cos estándares de interoperabilidade e seguridade establecidos polas autoridades competentes, e permitirán ao alumnado o acceso, en calquera momento e desde calquera lugar aos recursos educativos dixitais dispoñibles vinculados ao seu proceso de aprendizaxe. O uso destes contornos realizarase con pleno respecto aos dereitos de propiedade intelectual dos contidos utilizados, á protección da privacidade das comunicacións escolares e ao dereito á desconexión dixital do alumnado.
2. As plataformas educativas e ferramentas dixitais de ensino a distancia ou semipresencial que se empreguen nos centros garantirán a protección dos datos persoais do alumnado e do profesorado, de acordo coa normativa vixente. En ningún caso as condicións de uso destes contornos poderán esixir a cesión de datos persoais a empresas ou servizos alleos ao ámbito educativo autorizados, nin situar os datos fóra do Espazo Económico Europeo, agás nos supostos legalmente previstos e coas garantías esixidas pola normativa vixente.
3. Os contornos virtuais de aprendizaxe e os recursos dixitais asociados deberán atender aos principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas. Isto implica que as ferramentas, interfaces e contidos dixitais deberán estar deseñados de forma que resulten accesibles e comprensibles para todo o alumnado, incluíndo aquel con necesidades específicas de apoio educativo, conforme ás normas técnicas e ás pautas de accesibilidade vixentes.

4. Co obxecto de garantir a calidade e cohesión da oferta educativa dixital, a consellería con competencias en educación poderá establecer a obrigatoriedade de empregar determinadas plataformas, contornos virtuais ou recursos dixitais corporativos nos centros sostidos con fondos públicos, cando resulte necesario para a execución de programas institucionais ou plans educativos autonómicos.

#### **Artigo 41. *Protección de datos persoais e seguridade da información***

1. O tratamento dos datos persoais do alumnado, do persoal e das familias axustarase ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679, na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e demais normativa aplicable. Terá a condición de responsable do tratamento a persoa ou entidade titular do centro docente ou, no caso dos centros docentes públicos, a consellería competente en materia de educación.
2. Os centros docentes disporán de políticas internas de seguridade da información, que no caso dos centros docentes públicos virán establecidas pola consellería competente en materia educativa e de conformidade co Esquema Nacional de Seguridade. Estas políticas incluirán, entre outros aspectos:
  - a. A clasificación e control dos datos tratados no centro segundo o seu nivel de sensibilidade.
  - b. Os protocolos de acceso ás diferentes aplicacións e bases de datos (asignación de permisos ao profesorado e persoal autorizado, uso obrigatorio de credenciais personalizadas e seguras, prohibición de compartir contas de usuario, etc.).
  - c. As medidas de seguridade informática esixidas (uso de contrasinais robustos, cifrado de información sensible, realización de copias de seguridade periódicas, actualización de software e antivirus nos equipos do centro).
  - d. As normas para a utilización de dispositivos corporativos fóra do recinto escolar e para a xestión de dispositivos particulares, co fin de evitar brechas de seguridade ou vías de filtración de datos.
  - e. Os procedementos de notificación e resposta ante incidentes de seguridade ou violacións de seguridade de datos, coordinados coa persoa delegada de protección de datos.
3. Deberán reforzarse especialmente as garantías de privacidade e seguridade nas comunicacións dixitais dentro da comunidade educativa. As comunicacións oficiais entre o centro e as familias ou o alumnado realizaranse a través dos medios autorizados, nos que a identidade dos interlocutores estea verificada e quede constancia fidedigna das mensaxes enviadas e recibidas.

## CAPÍTULO III

### Inclusión e participación dixital

#### **Artigo 42. *Inclusión dixital e atención á diversidade***

1. Os centros docentes adoptarán medidas para garantir que a dixitalización da educación non xere novas desigualdades e contribúa pola contra a compensar as brechas dixitais existentes entre o alumnado. En aplicación do principio de igualdade de oportunidades, os centros, coa colaboración da Administración educativa, porán especial atención a:
  - a. Detectar o alumnado que careza de dispositivos electrónicos ou conexión axeitada a Internet no seu ámbito familiar, e artellar mecanismos de apoio que lle permitan acceder en igualdade de condicións ás actividades educativas dixitais.
  - b. Adaptar os recursos e metodoloxías dixitais ás necesidades específicas do alumnado con discapacidade ou con dificultades de aprendizaxe, proporcionando os correspondentes produtos de apoio tecnolóxico e garantindo a accesibilidade dos contidos. Estas adaptacións faranse constar nos documentos de planificación educativa individualizada e estarán en liña co disposto na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia e demais normativas concordantes.
  - c. Introducir metodoloxías didácticas flexibles de educación híbrida que combinen o uso de ferramentas dixitais e analóxicas, de maneira que ningún alumno ou alumna quede atrás por mor dunha falta de destreza inicial coas tecnoloxías.
2. A consellería competente en materia de educación apoiará aos centros docentes públicos na implementación das medidas de inclusión dixital, facilitando recursos extraordinarios cando sexa necesario e promovendo proxectos específicos para a redución da fenda dixital de xénero, territorial ou socioeconómica no ámbito educativo.

## CAPÍTULO IV

### Avaliación e mellora da educación dixital no centro

#### **Artigo 43. *Avaliación e mellora continua da dixitalización educativa***

1. Os centros docentes someterán a súa transformación dixital a un proceso de avaliación continua, co fin de detectar fortalezas e áreas de mellora e de garantir a calidade do proceso. Esta avaliación interna abarcará tanto aspectos técnicos como pedagóxicos e de convivencia, e integrará:
  - a. A análise periódica do grao de execución e efectividade do Plan Dixital de Centro.
  - b. A avaliación do nivel de competencias dixitais do alumnado e do profesorado, empregando para iso instrumentos de referencia, co obxectivo de comprobar a progresión ao longo do tempo.
  - c. A análise dos datos relevantes recollidos a través das plataformas de xestión e ensino aproveitando a información dispoñible nas aplicacións corporativas.
  - d. A recollida da opinión do alumnado, do profesorado e das familias sobre a súa satisfacción e percepción en relación coa educación dixital no centro.
2. Os resultados e conclusións derivadas destas avaliacións serán reflectidas na memoria anual do centro e presentadas ao Claustro de Profesorado e ao Consello Escolar, formando parte do proceso xeral de autoavaliación do centro. Con base nesas conclusións, actualizarase o Plan Dixital de Centro ou proporanse as modificacións oportunas no proxecto educativo, co fin de incorporar as melloras identificadas e corrixir as deficiencias observadas.
3. De conformidade co artigo 151 da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, a Inspección Educativa, no desenvolvemento das súas funcións, verificará o grao de integración das tecnoloxías dixitais nos procesos de ensino e xestión do centro, e o cumprimento das disposicións desta lei. Así mesmo, asesorará aos equipos directivos sobre boas prácticas de dixitalización e apoiará aos centros no deseño das medidas de mellora continua.
4. A consellería con competencias en educación impulsará a avaliación global da implantación da educación dixital no sistema educativo galego, co fin de detectar necesidades, reducir desigualdades entre centros e promover programas de mellora, innovación e intercambio de experiencias.

## TITULO IV

### Participación e responsabilidades das familias na educación dixital

#### **Artigo 44. *Uso dixital responsable no ámbito familiar e dereito á desconexión***

1. As nais, pais, titores ou representantes legais do alumnado deberán promover un uso equilibrado e responsable das tecnoloxías dixitais por parte dos menores ao seu cargo, de modo que se garanta un axeitado desenvolvemento da súa personalidade e se preserven a súa dignidade e os seus dereitos fundamentais. En particular, vixiarán e orientarán o consumo de servizos dixitais e de contidos en liña por parte dos seus fillos e fillas, limitando os tempos de conexión e evitando o acceso a materiais inadecuados para a súa idade.
2. As familias son responsables do bo uso e do coidado dos materiais, dispositivos e recursos dixitais que o centro educativo lles ceda para apoio do proceso formativo do alumnado. O uso indebido, negligente ou malicioso destes medios por parte do alumnado, cando del derive un dano aos equipamentos ou á infraestrutura tecnolóxica do centro, ou a vulneración grave das normas de convivencia, levará consigo a obriga de reparación ou reposición dos danos causados e poderá dar lugar, se é o caso, ás responsabilidades administrativas ou civís que procedan conforme á lexislación vixente, todo iso sen prexuízo das medidas correctoras ou sancionadoras que correspondan impoñer ao alumnado implicado conforme ao plan de convivencia do centro e á normativa de disciplina académica.
3. Co fin de facilitar un entorno educativo sostible e saudable, as familias do alumnado teñen dereito á desconexión dixital, de modo que as dinámicas de ensino en liña non lles xeren cargas innecesarias nin establezan unha expectativa de dispoñibilidade permanente alén do horario escolar. Os centros docentes e o profesorado, no uso das tecnoloxías da información e comunicación, axustarán as actividades e comunicacións dirixidas ao alumnado e ás familias a criterios de proporcionalidade e razoabilidade, de forma que se respecte o tempo de descanso e de vida familiar.

#### **Artigo 45. *Formación, apoio e acompañamento das familias***

1. Os centros docentes, co apoio da Administración educativa, impulsarán medidas de formación e acompañamento ás familias do alumnado para reforzar a súa implicación positiva no proceso de educación dixital e axudarlles a exercer as súas responsabilidades parentais neste ámbito. En particular, proporcionarán orientacións e recursos que

permitan ás nais, pais e titores legais adquirir competencias e habilidades para guiar e supervisar o uso seguro e responsable das tecnoloxías por parte dos seus fillos e fillas, en cumprimento do deber establecido no artigo 84.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de garantir un equilibrio adecuado dos menores no uso dos servizos dixitais.

2. A consellería competente en materia de educación, a través da súa Rede de formación permanente do profesorado, ofrecerá programas de formación específica ás familias en materia de educación dixital. En particular, potenciarase o desenvolvemento das Escolas de Nais e Pais (ENAPAS) integradas na devandita rede formativa, en colaboración coas asociacións de nais e pais (ANPAS). Nestes espazos formativos proporcionaráselle ás familias coñecementos e recursos para mellorar as súas propias competencias dixitais e para apoiar de forma adecuada aos seus fillos e fillas no uso seguro e responsable das tecnoloxías, facilitándolles información e formación práctica sobre:
  - a. O Plan Dixital do Centro e a súa implicación na dinámica escolar, incluíndo o coñecemento das plataformas de comunicación coas familias e das normas de uso das TIC no centro.
  - b. Estratexias para fomentar un uso responsable de Internet no fogar, a seguridade en redes sociais e videoxogos, e a prevención de riscos en liña (ciberacoso, contacto con estraños, acceso a contidos inapropiados, etc.), de acordo co enfoque de educación dixital segura previsto na lexislación de protección da infancia e desta lei.
  - c. Ferramentas de control parental e métodos de mediación familiar no uso de dispositivos, co fin de apoiar ás persoas proxenitoras no establecemento de límites saudables e na promoción de hábitos dixitais equilibrados nos menores de idade.
  - d. Calquera outro aspecto que se considere relevante para axudar ás familias a comprender os cambios tecnolóxicos no ámbito educativo e a colaborar de forma eficaz co centro no proceso formativo do alumnado.
3. Os centros docentes procurarán a máxima difusión destas iniciativas de formación para pais e nais e promoverán a participación das familias, facilitando adaptacións horarias ou modalidades en liña que permitan conciliar a asistencia ás sesións formativas coas obrigas familiares e laborais. Así mesmo, solicitarán periodicamente a opinión das familias sobre as súas necesidades de información ou apoio neste ámbito, co obxectivo de axustar os programas de acompañamento familiar e facelos máis efectivos.
4. Así mesmo no marco das medidas de colaboración entre familia e escola, os centros educativos deberán informar as familias sobre a súa estratexia de educación dixital. En particular, garantiranse canles para que as nais, pais ou titores coñezan o contido do Plan Dixital do Centro, as normas de utilización das ferramentas dixitais e os protocolos

de seguridade e convivencia dixital vixentes no centro. Deste xeito, facilitarase o exercicio dunha corresponsabilidade efectiva das familias no acompañamento da aprendizaxe dixital do alumnado e no control do seu uso das TIC fóra do ámbito escolar.

#### **Artigo 46. *Protección dos dereitos da comunidade educativa na contorno dixital***

1. As nais, pais, titores ou representantes legais do alumnado absteranse de difundir, redifundir ou publicar, a través de redes sociais, servizos de mensaxaría instantánea ou calquera outro medio dixital, imaxes, gravacións, informacións ou calquera outro contido relacionado coa actividade educativa ou coa vida do centro que poida supoñer un menoscabo da dignidade dalgún membro da comunidade educativa ou a vulneración dos seus dereitos fundamentais á intimidade, á propia imaxe, á honra ou á protección de datos persoais.
2. O incumprimento grave do anterior por parte das persoas proxenitoras ou titoras, en particular cando a difusión dixital de tales contidos se realice con ánimo claro de inxuriar, vexar ou prexudicar a algún membro da comunidade educativa, poderá dar lugar á esixencia de responsabilidades nos termos previstos pola lexislación aplicable. Para estes efectos, e sen prexuízo doutras posibles responsabilidades civís ou penais, a Administración educativa estará habilitada para impor as sancións administrativas que correspondan, de conformidade coa lexislación vixente, así como para instar as accións procedentes para a efectividade da debida protección dos dereitos das persoas afectadas e a reparación dos danos e prexuízos causados.

#### **Artigo 47. *Participación das familias na educación dixital***

1. As familias teñen o dereito e o deber de participar na definición, desenvolvemento das políticas e actuacións de educación dixital, tanto no ámbito do seu centro educativo coma a nivel do sistema educativo en xeral. Esta participación exercerase a través dos seus representantes nos órganos colexiados de goberno e de participación do ámbito educativo: nos Consellos Escolares dos centros, no Consello Escolar de Galicia e nos demais órganos colexiados ou consultivos que correspondan.
2. A Administración educativa informará e consultará as familias cando se elaboren disposicións normativas ou plans estratéxicos de especial incidencia na educación dixital do alumnado. Para garantir esta participación, recorrerase aos trámites de audiencia pública, ás iniciativas do Consello Escolar de Galicia e doutros órganos consultivos competentes, e a calquera outro mecanismo de consulta que se considere adecuado.
3. Así mesmo, a Administración educativa poderá recoller, con carácter periódico, as opinións e propostas das familias sobre a educación dixital mediante enquisas de

convivencia e clima escolar ou outros instrumentos de participación. Coa colaboración dos centros educativos fomentaranse canles de comunicación que permitan ás familias trasladar as súas preocupacións e suxestións en materia de uso das TIC no ensino. Os resultados destas consultas serán analizados pola Administración educativa e teranse en conta na revisión das políticas públicas e na actualización dos programas de educación dixital, de forma que se reforcen o diálogo e a cooperación efectiva entre as familias e a escola no proceso de transformación dixital do sistema educativo galego.

## TITULO V

### A educación dixital nos diferentes niveis do sistema educativo

#### **Artigo 48. Gradualidade e equilibrio**

1. Nas distintas etapas, ciclos, graos, cursos e niveis do sistema educativo procurarse a incorporación progresiva das tecnoloxías dixitais de acordo co grao de madurez e desenvolvemento do alumnado e, en especial, atendendo ás súas necesidades específicas.

En cada etapa e nivel asegurarse unha presenza equilibrada das tecnoloxías dixitais, segundo o modelo de educación híbrida, que contribúa a un desenvolvemento cognitivo saudable e ao fortalecemento das habilidades manipulativas e sociais do alumnado. Procurarse unha variedade metodolóxica e de recursos: combinaranse estratexias tradicionais e dixitais de xeito complementario, maximizando os beneficios educativos de cada unha e mitigando as súas limitacións. En particular, na educación infantil e nos tres primeiros anos de primaria primará a interacción física, manual e social directa, introducindo as ferramentas dixitais de maneira gradual e sempre adaptadas á capacidade de comprensión do alumnado.

2. Os centros docentes sostidos con fondos públicos non poderán, ata o terceiro ciclo de educación primaria, adoitar proxectos educativos que incorporen o uso individual de materiais dixitais nin a utilización dunha contorno virtual de aprendizaxe que supoñan, a súa vez, o uso individual de dispositivos dixitais.
3. Excepcionalmente, ao obxecto de garantir o principio de gradualidade e de favorecer o desenvolvemento das competencias dixitais do alumnado nas distintas etapas educativas, o profesorado poderá realizar actividades de aula que supoñan a utilización supervisada e esporádica de materiais dixitais individuais contando cos recursos dixitais do propio centro educativo, incluída a posibilidade de realización de probas de avaliación ou diagnose do sistema educativo.

#### **Artigo 49. Educación infantil**

1. Na etapa da educación infantil favorecerase o contacto seguro coas TIC para a realización daquelas actividades e tarefas que obteñan unha especial vantaxe polo seu uso.
2. A progresiva introdución das TIC nesta etapa deberá acompañarse co desenvolvemento afectivo do alumnado. O persoal docente nesta etapa educativa velará porque as

actividades de aprendizaxe realizadas sexan globalizadas, teñan interese e significado para os nenos e as nenas e se baseen en experiencias emocionalmente positivas. Desenvolveranse sempre nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a autoestima do alumnado, integración social e patróns de apego seguro.

3. En ningún caso as TIC substituirán os procesos manipulativos que favorecen o desenvolvemento físico, afectivo, social, cognitivo e artístico do alumnado, que deberán implicar a meirande parte do tempo da aula. O acceso ás TIC terá en conta o mellor coñecemento científico dispoñible e fomentará a educación en valores cívicos para a convivencia e a compensación de desigualdades.
4. Co obxecto de respectar a responsabilidade fundamental das nais e pais ou titores/as legais nesta etapa, os centros cooperarán estreitamente con eles na introdución segura e responsable das TIC.

#### **Artigo 50. Educación primaria**

1. De acordo co disposto no artigo 17 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lle permitan, entre outras, desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
2. Nesta etapa fomentárase a coordinación entre o profesorado de educación infantil e primaria, especialmente no que respecta ao primeiro ciclo da educación primaria, que garanta a continuidade do proceso de formación e unha transición e evolución positiva na introdución progresiva das TIC.
3. De acordo co previsto no artigo 19 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, sen prexuízo dun tratamento específico en determinadas áreas da etapa, a competencia dixital traballarase en todas ás áreas incluída a perspectiva do benestar dixital, a educación en valores, a potenciación da aprendizaxe significativa e o desenvolvemento de competencias transversais para a autonomía e a reflexión crítica.
4. En todo caso o uso das TIC será gradual, progresivo e proporcionado ao longo desta etapa educativa, acompañado co desenvolvemento cognitivo e socioafectivo do alumnado e garantido sempre que a súa utilización non interfere na realización de actividades manipulativas e motrices. De igual maneira, velarase porque o correcto uso de pautas de relación sociais presenciais respectuosas e saudables sexa o referente nas primeiras interaccións en liña entre o alumnado.

5. Ao longo da educación primaria, e de xeito progresivo, o profesorado velará porque a atención aos aspectos básicos de seguridade, benestar e bo trato dixital, así como as cuestións relativas á xestión da información en liña e o pensamento crítico serán obxecto de tratamento explícito, fornecendo de recursos e pautas de actuación e interacción ao alumnado.
6. O uso dos medios dixitais circunscribírase a aquelas actividades ou tarefas nas que estes acheguen un especial beneficio pedagóxico. En ningún caso se entenderá que unha actividade ou tarefa unicamente polo feito de formularse dixitalmente achegue un especial beneficio.
7. A convivencia e benestar dixital saudables serán a prioridade nesta etapa, sentando as bases para un uso seguro e responsable das TIC. A tal fin o profesorado velará porque o alumnado se introduza na toma de decisións ética sobre o uso de medios e recursos dixitais.
8. Os centros educativos garantirán a participación das familias na educación dixital nesta etapa, así como a coherencia na abordaxe dos posibles conflitos que poidan xurdir na utilización das TIC. Sen prexuízo das medidas e actuacións que o centro poida tomar no ámbito da súa autonomía, garantirase que o profesorado, a través das reunións individuais e grupais de titoría, traslada ás familias todas aquelas cuestións relevantes de uso das TIC na aula e, en especial, as que teñan que ver co benestar do alumnado. De igual xeito o profesorado, a través da titoría, trasladará de modo inmediato ás familias calquera sinal de alarma acerca de usos indebidos das TIC, de ser o caso, co apoio e coordinación do departamento de orientación.
9. Os centros educativos e, no seu caso, os departamentos de orientación dos centros educativos prestarán apoio ao profesorado e ás familias nesta etapa para a detección de sinais de alarma ante posibles usos indebidos de medios e recursos dixitais e coordinarán a participación do centro nas pautas e actuacións establecidas, no seu caso, polos servizos de saúde competentes.

### **Artigo 51. Educación secundaria obrigatoria**

1. A Educación secundaria obrigatoria estará centrada, entre outros obxectivos, no desenvolvemento das competencias tecnolóxicas básicas e o avance cara unha reflexión ética sobre o seu funcionamento e utilización. De igual xeito, desenvolverá as destrezas básicas na utilización de fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos.
2. Nesta etapa educativa procurarase acadar a autonomía do alumnado na utilización responsable, ética e crítica das TIC.

3. Ao remate da etapa obrigatoria o alumnado estará capacitado para a súa plena inserción na sociedade dixital e para o uso seguro de medios dixitais e respectuosos coa dignidade humana, os valores constitucionais, os dereitos fundamentais e co respecto e a garantía da intimidade individual e colectiva, particularmente en contornos dixitais.

A tal fin o profesorado procurará que a través do proceso ensino-aprendizaxe o alumnado desta etapa desenvolva un grao crecente de autonomía e responsabilidade no uso das TIC, a través de accións colaborativas e individuais axeitadas e suficientes para abordar este obxectivo de xeito supervisado. Así mesmo os centros educativos promoverán un clima de desenvolvemento de hábitos saudables e benestar dixital.

4. Ademais de afondar nos diferentes aspectos introducidos ao longo da etapa de educación primaria, nesta etapa promoveranse os aspectos vinculados coa seguridade, privacidade e propiedade intelectual, a través de contidos axeitados a súa idade e nivel de desenvolvemento.
5. Os centros educativos manterán a participación das familias na educación dixital nesta etapa para facilitar a coherencia na abordaxe dos posibles conflitos que poidan xurdir por un uso cada vez máis autónomo das TIC. Sen prexuízo das medidas e actuacións que o centro poida tomar no ámbito da súa autonomía, garantirase que as familias reciben información sobre todas aquelas cuestións relevantes de uso das TIC na aula e, en especial, as que teñan que ver co benestar do alumnado. O profesorado informará de modo inmediato ás familias sobre calquera indicio de uso indebido das TIC, de ser o caso, co apoio e coordinación do departamento de orientación.
6. Os departamentos de orientación dos centros educativos prestarán apoio ao profesorado e as familias ao longo desta etapa para a detección de sinais de alarma ante posibles usos indebidos de medios e recursos dixitais e coordinarán a participación do centro nas pautas e actuacións establecidas, no seu caso, polos servizos de saúde competentes.

### **Artigo 52. *Bacharelato***

1. De acordo co previsto na letra g) do no artigo 33 da Lei 2/2006, do 3 de maio, o bacharelato contribuirá ao desenvolvemento das capacidades do alumnado con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
2. A tal fin, todos os centros que impartan bacharelato considerarán a competencia dixital de xeito transversal e deberán incluír dentro do seu proxecto educativo a súa estratexia dixital a través dun plan dixital de centro, que se concibe como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das

tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe, e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.

3. A consellería con competencias en materia de educación e os equipos directivos dos centros educativos promoverán o uso das TIC na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe, sen prexuízo das competencias que, no ámbito das TIC, poidan corresponder a outras entidades integrantes do sector público autonómico.
4. A consellería con competencias en materia de educación ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido.
5. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.

### **Artigo 53. Formación Profesional**

1. A Formación Profesional orientará a súa acción educativa ao desenvolvemento das competencias dixitais do alumnado, coa finalidade de garantir a súa empregabilidade, facilitar a súa inserción e mobilidade laboral e contribuír á dixitalización dos sectores produtivos.
2. A competencia dixital será integrada de forma transversal no conxunto da oferta formativa, e promoverase o uso das tecnoloxías dixitais nos procesos de ensino e aprendizaxe e de xestión académica.
3. Na Formación Profesional Básica, garantirase a adquisición das competencias dixitais fundamentais, necesarias para o exercicio de actividades profesionais elementais e para o desenvolvemento da autonomía persoal do alumnado no uso de ferramentas dixitais básicas, en condicións de seguridade e accesibilidade.
4. Nos ciclos formativos de grao medio, o alumnado adquirirá competencias dixitais aplicadas ao sector profesional correspondente, co obxectivo de mellorar a eficacia, a seguridade e a calidade nos procesos produtivos, así como de favorecer o acceso a contornos dixitais de traballo colaborativo e de aprendizaxe ao longo da vida.

5. Nos ciclos formativos de grao superior, o alumnado desenvolverá competencias avanzadas no uso de tecnoloxías dixitais para a xestión e mellora dos procesos empresariais, a análise de datos, a innovación e o emprendemento dixital, co fin de liderar a transformación tecnolóxica nas contornos profesionais.
6. Nos cursos de especialización, a formación incorporará o dominio de tecnoloxías dixitais emerxentes, específicas do ámbito produtivo correspondente, co obxectivo de actualizar e perfeccionar as competencias profesionais do alumnado, en resposta á evolución dos sectores económicos e ás demandas do tecido empresarial.
7. A Administración educativa poderá promover a oferta de módulos profesionais específicos relacionados coa competencia dixital, así como proxectos de innovación, prácticas profesionais en contornos dixitais, e actuacións de colaboración con empresas e entidades tecnolóxicas, en consonancia cos principios de calidade, inclusión, sustentabilidade e formación ao longo da vida que rexen o sistema de Formación Profesional de Galicia.

#### **Artigo 54. Ensinanzas de réxime especial**

1. Con carácter xeral, nas ensinanzas de réxime especial a competencia dixital do alumnado abordarase de xeito transversal dende os distintos ámbitos que abranguen, contribuíndo así á mellora dos procesos de aprendizaxe, á plena integración do alumnado na sociedade actual e, no caso das ensinanzas profesionais e superiores, á integración deste alumnado no mercado laboral.
2. No caso das ensinanzas de grao elemental e profesional de música e danza, ao ser cursadas de xeito simultáneo coas etapas de educación primaria, secundaria e bacharelato, respectivamente, deberá terse en conta o establecido para estas etapas, incorporando as TIC dun xeito progresivo, gradual e transversal, para contribuír así de xeito complementario ao desenvolvemento da competencia dixital dende o ámbito artístico.
3. As TIC incorporaranse nos distintos ámbitos das ensinanzas profesionais deportivas e de artes plásticas e deseño de réxime especial, de xeito que se garanta a adquisición da competencia dixital do alumnado e se posibilite o seu acceso ao mercado laboral.
4. O desenvolvemento das ensinanzas artísticas superiores garantizará a actualización permanente do alumnado no ámbito da competencia dixital, adaptándose así á evolución e novas esixencias do mercado laboral.

5. A incorporación das TIC nas ensinanzas de idiomas contribuirá á mellora nos procesos de aprendizaxe e permitirá unha maior interacción do alumnado coas linguas mediante ferramentas dixitais.

#### **Artigo 55. Educación de adultos**

1. De acordo co establecido no artigo 70 bis da Lei 2/2006, do 3 de maio, co fin de lograr, nos ensinos de adultos, unha mellor adaptación ás necesidades persoais de formación e aos ritmos individuais de aprendizaxe con garantías de calidade, a consellería competente en materia de educación impulsará o desenvolvemento de formas de ensino que resulten da aplicación preferente das tecnoloxías dixitais á educación.
2. En concordancia co anterior, potenciarase o desenvolvemento de iniciativas formativas e a elaboración de materiais didácticos en soporte electrónico. Facilitaranse a extensión dos ensinos a distancia e o seu acceso a través das tecnoloxías dixitais.

## TITULO VI

### O uso da Intelixencia Artificial no ámbito educativo galego

#### **Artigo 56. Obxecto**

O presente título ten por obxecto regular a integración e o uso responsable dos sistemas de intelixencia artificial no ámbito educativo, co fin de aproveitar as potencialidades destas tecnoloxías para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe e da xestión educativa, promovendo simultaneamente o pensamento creativo e unha perspectiva crítica cara á propia intelixencia artificial, garantindo a calidade do ensino, a equidade, a tutela efectiva do alumnado e o respecto dos seus dereitos.

#### **Artigo 57. Principios reitores do uso da intelixencia artificial no ámbito educativo**

1. O uso de sistemas de intelixencia artificial, no ámbito educativo, polos centros docentes sostidos con fondos públicos rexerese polos principios xerais recollidos na Lei 2/2025, de 2 de abril que lles resulten de aplicación, así como os demais principios e obrigas exixidos na correspondente normativa europea e estatal de aplicación.
2. En particular, os centros docentes e o seu persoal no exercicio da actividade docente deberán axustarse aos seguintes principios:
  - a. Reserva de humanidade e supervisión humana efectiva. A toma de decisións educativas que afecten ao alumnado non poderá basearse exclusivamente en resultados automatizados. Toda decisión relevante deberá ser validada por unha persoa docente ou autoridade educativa competente, garantindo a intervención humana en todo o ciclo de vida do sistema de IA.
  - b. Adecuación pedagóxica e centralidade do alumnado. Os sistemas de IA deberán estar deseñados e empregados para reforzar os procesos de ensino e aprendizaxe, respectando os principios pedagóxicos do sistema educativo galego e os obxectivos curriculares establecidos. A IA será unha ferramenta ao servizo do profesorado e do alumnado, e non un substituto da interacción educativa humana.
  - c. Responsabilidade e autonomía do profesorado: O emprego de sistemas de IA non exime nin diminúe a responsabilidade do profesorado e dos centros nas decisións pedagóxicas ou avaliadoras. O persoal docente manterá a súa autonomía pedagóxica e liberdade de cátedra.
  - d. Equidade e non discriminación: O emprego de sistemas de IA nos procesos educativos farase garantindo a igualdade de oportunidades de todo o alumnado e a

non discriminación por razón de xénero, orixe, discapacidade, diversidade funcional ou calquera outra circunstancia persoal ou social. Os sistemas de IA deberán dispoñer de mecanismos para previr e corrixir posibles nesgos algorítmicos que poidan xerar resultados ou recomendacións inxustamente desfavorables para determinados grupos de estudantes.

- e. **Transparencia e explicabilidade:** O deseño e o uso de sistemas de IA no ensino deberán ser transparentes. Os membros da comunidade educativa terán coñecemento das aplicacións de IA empregadas, das súas funcións principais e dos seus propósitos. Ademais, os criterios de funcionamento dos sistemas deberán ser, na medida do posible, explicables aos usuarios (profesorado, alumnado ou familias), de forma que estes poidan comprender os factores xerais que influencian as decisións ou recomendacións automatizadas.
- f. **Seguridade e confidencialidade:** Os sistemas de IA utilizados no ámbito educativo han de ser tecnicamente fiables e seguros, aplicando medidas de seguridade da información e ciberseguridade adecuadas para previr accesos non autorizados ou usos indebidos. Así mesmo, calquera tratamento de datos persoais do alumnado mediante IA deberá asegurar a confidencialidade, integridade e protección deses datos, cumprindo estritamente o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.
- g. **Proporcionalidade e finalidade pedagóxica:** A incorporación de tecnoloxías de intelixencia artificial farase con carácter proporcional e orientado a fins lexítimos no contexto educativo. Empregarase sistema de IA unicamente cando a súa utilización achegue un valor engadido claro na mellora das prácticas docentes, dos resultados da aprendizaxe ou da xestión do centro, evitando un uso excesivo, innecesario ou que poida alterar negativamente o desenvolvemento normal da interacción educativa presencial.
- h. **Fomento do espírito crítico e da creatividade:** A integración de sistemas de IA orientarase a potenciar o pensamento autónomo, a imaxinación e a resolución de problemas por parte do alumnado, evitando en todo caso a substitución do seu esforzo intelectual. O persoal docente promoverá unha análise e avaliación crítica dos contidos xerados de xeito automatizado, capacitando aos estudantes para cuestionar a súa exactitude, detectar posibles nesgos ou alucinacións e comprender as limitacións destas tecnoloxías. A IA empregarase como un instrumento de apoio á ideación, garantindo que a autoría intelectual e o protagonismo do proceso creativo recaian sempre no alumnado.

- i. Formación e competencia dixital: A Administración educativa asegurará a formación continua do profesorado no uso ético e pedagóxico da IA, así como a alfabetización dixital do alumnado, promovendo o desenvolvemento de competencias para vivir, aprender e traballar nunha sociedade dixital baseada na intelixencia artificial.
2. A consellería con competencias en educación en colaboración coa entidade instrumental do sector público competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e desenvolvemento tecnolóxico elaborará unha guía de directrices para aplicar os principios indicados no número anterior nos centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma. Estas directrices poderán servir de referencia para orientar un uso ético e seguro da IA nos centros privados non sostidos con fondos públicos, co pleno respecto ás súa autonomía e normativa.

#### **Artigo 58. *Condicións para a utilización dos sistemas de IA nos centros docentes públicos***

1. Os centros docentes públicos e o seu persoal só poderán empregar única e exclusivamente aqueles sistemas de IA autorizados pola consellería competente en materia de educación, de acordo cos procedementos recollidos no Título III da Lei 2/2025, de 2 de abril.
2. A consellería con competencias en materia de educación establecerá un catálogo de sistemas de IA autorizados ou validados para o seu uso pedagóxico e administrativo, así como directrices de bo uso destas tecnoloxías nos centros. Dito catálogo formará parte do Inventario de sistemas de intelixencia artificial ao que se refire o artigo 35 da Lei 2/2025, de 2 de abril.
3. O tratamento de datos persoais do alumnado a través de sistemas de IA deberá contar cunha base de licitude das previstas na normativa de protección de datos.
4. Os centros docentes garantirán a transparencia fronte á comunidade educativa sobre a introdución de sistemas de intelixencia artificial. En particular, comunicarán ao alumnado e ás súas familias, dun modo accesible e claro, a implantación de sistemas de IA que se utilicen no proceso de ensino ou de avaliación, indicando a súa finalidade pedagóxica, o tipo de datos que empregan e as medidas de control previstas. Esta comunicación realizarase con carácter previo á súa posta en marcha ou, de non ser posible, á maior brevidade.

#### **Artigo 59. *Usos permitidos dos sistemas de IA nos centros docentes***

1. Os sistemas de IA terán un carácter meramente auxiliar ou de apoio na toma de decisións educativas. Os sistemas de IA só poderán empregarse como ferramentas de

apoio á actividade docente e á avaliación do alumnado, sen que en ningún caso poidan substituír a intervención directa do profesorado nin a súa capacidade de decisión.

2. En particular, o persoal docente poderá empregar sistemas de IA para as seguintes finalidades:
  - a. Personalización da aprendizaxe e atención á diversidade: utilización de sistemas de IA para axudar a adecuar os contidos, actividades ou ritmos de estudo ás necesidades individuais de cada alumno, facilitando a detección temperá de dificultades de aprendizaxe e proporcionando recursos educativos adaptados ao nivel e estilo de aprendizaxe do estudante.
  - b. Avaliación e titorización asistida: permítirase a corrección automatizada de probas de tipo test ou de similar natureza obxectiva, a retroalimentación inmediata sobre tarefas en liña ou a identificación de destrezas ou competencias que requiren mellora, coa condición indispensable de que o persoal docentes revisen e validen os resultados achegados pola IA antes de que teñan consecuencias académicas. Tamén se consideran permitidos os asistentes virtuais ou chatbots educativos que resolvan dúbidas frecuentes do alumnado fóra do horario lectivo, sempre baixo control do centro e con contidos supervisados.
  - c. Elaboración de materiais didácticos e recursos de aprendizaxe: os sistemas de IA poderá empregarse para xerar ou adaptar materiais de apoio educativo, tales como contidos multimedia, exercicios personalizados, traducións ou resumo de textos, propostas de proxectos, etc. Estes materiais creados ou suxeridos por sistemas de IA deberán ser revisados polo profesorado antes da súa distribución ao alumnado, co fin de verificar a súa exactitude, a adecuación ao currículo e a ausencia de nesgos ou contidos inapropiados. Os sistema de IA tamén poderá utilizarse para facilitar a creación de recursos accesibles.
  - d. Apoio á xestión administrativa e organización académica: implementación de sistemas que utilicen IA para optimizar tarefas administrativas ou de organización dos centros educativos.

#### **Artigo 60. Usos non permitidos dos sistemas de IA nos centros docentes**

1. Non se permitirá a adopción de decisións académicas, organizativas ou administrativas que afecten directamente ao alumnado baseadas exclusivamente en resultados xerados por sistemas de intelixencia artificial, sen a correspondente supervisión, validación e responsabilidade dunha persoa docente ou autoridade educativa competente.

2. Prohíbese o uso de sistemas de intelixencia artificial que pretendan substituír a actividade docente, avaliadora ou titorial do profesorado, especialmente cando impliquen xuízos de valor, apreciacións pedagóxicas ou interaccións educativas que requiran discernimento humano.
3. Non se autoriza o uso de sistemas de IA que impliquen recoñecemento facial, análise emocional, seguimento biométrico ou calquera outra forma de control automatizado do comportamento, atención ou rendemento do alumnado que poida vulnerar a súa intimidade, dignidade ou dereitos fundamentais. Así mesmo, tampouco está autorizado o emprego de sistemas de IA orientados a predicir, clasificar ou identificar neurotipos ou condicións cognitivas do alumnado dentro do ámbito educativo.
4. Prohíbese a creación de perfís académicos, sociais ou persoais do alumnado mediante sistemas de IA cando estes poidan derivar en prácticas discriminatorias, estigmatización ou limitacións indebidas das oportunidades educativas.
5. Queda prohibido o uso de ferramentas de IA non homologadas, non validadas pola Administración educativa no caso dos centros docentes públicos ou que non contén coas garantías técnicas, éticas e xurídicas esixidas pola normativa vixente.
6. A utilización de sistemas de intelixencia artificial en calquera das modalidades descritas neste artigo poderá dar lugar á exixencia de responsabilidades conforme ao previsto no ordenamento xurídico aplicable.

### **Artigo 61. *Integración e control dos sistemas de intelixencia artificial nos centros docentes***

1. Os centros docentes sostidos con fondos públicos deberán integrar o uso educativo da intelixencia artificial (IA) no seu Plan Dixital de Centro, definindo as aplicacións de IA que se empregarán no proceso de ensinanza e as condicións específicas do seu uso. Nos centros públicos, os sistemas de IA clasificados como de alto risco ou que poidan incidir de forma significativa nos dereitos do alumnado requirirán a autorización expresa da consellaría competente en materia de educación antes da súa implantación.
2. Os centros docentes revisarán anualmente o uso dos sistemas de IA incorporados ás súas actividades, avaliando a súa eficacia pedagóxica e o cumprimento das garantías previstas neste título. As conclusións desta revisión reflectiranse na memoria anual e teranse en conta para, de ser preciso, modificar o Plan Dixital de Centro.
3. A Inspección Educativa supervisará a aplicación destas garantías nos centros. Correspóndelle comprobar que o uso da IA se axusta ás condicións autorizadas, que se respectan os dereitos do alumnado e do profesorado, especialmente en materia de

transparencia e non discriminación e que existe control humano efectivo sobre as actuacións automatizadas. De constatar incumprimentos, a Inspección propondrá as medidas correctoras necesarias e poderá instar, de ser o caso, con carácter preventivo, a suspensión do uso do sistema de IA ata asegurar a súa conformidade coa normativa aplicable.

### **Artigo 62. Alfabetización en intelixencia artificial e formación da comunidade educativa**

1. A Administración educativa impulsará a alfabetización en intelixencia artificial do alumnado, incorporando gradualmente nos currículos de primaria e secundaria contidos axeitados sobre os fundamentos e usos da IA, así como sobre as súas implicacións éticas e sociais.
2. A consellaría competente en materia de educación asegurará a formación permanente do profesorado no uso didáctico e seguro da IA. O persoal docente e orientador terá acceso a programas específicos de capacitación sobre ferramentas dixitais intelixentes, de maneira que poida empregar a IA como recurso pedagóxico con eficiencia e supervisar o seu funcionamento de acordo coas garantías legais e éticas.
3. Así mesmo, fomentaranse medidas de acompañamento ás familias no contexto da educación dixital. A Administración educativa, a través das escolas de nais e pais ou doutros medios, ofrecerá información e orientación ás persoas proxenitoras sobre o uso apropiado da IA e dos medios dixitais na educación, reforzando a súa participación na supervisión e apoio do alumnado no ámbito dixital.

## TITULO VII

### Da gobernanza dixital do sistema educativo galego

## CAPÍTULO I

### Da integración da administración dixital no ámbito educativo

#### **Artigo 63. Expediente académico electrónico do alumnado**

1. O expediente académico electrónico do alumnado presentará de forma unificada no sistema educativo galego toda a información académica e administrativa de cada alumno/a.
2. O expediente académico electrónico deberá ser plenamente interoperable coas plataformas e sistemas de xestión educativa utilizados polos centros e pola Administración educativa, de acordo co establecido na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, e nas normas técnicas de interoperabilidade do Esquema Nacional de Interoperabilidade.
3. En caso de traslado dun alumno a outro centro, ou de paso a outra etapa educativa, o seu expediente académico electrónico será accesible polo novo centro de destino a través dos sistemas corporativos, sen necesidade de remitilo en formato papel. Así mesmo, facilitarase a interconexión do expediente electrónico coas bases de datos doutras administracións educativas para asegurar a continuidade da traxectoria educativa do alumnado en casos de mobilidade, garantindo en todo caso a seguridade e a confidencialidade na transmisión dos datos.

#### **Artigo 64. Historial académico electrónico do alumnado**

1. O historial académico electrónico constitúe o rexistro oficial e único da traxectoria académica de cada alumno ou alumna no sistema educativo galego.
2. O historial académico electrónico ten carácter administrativo e valor acreditativo, incorporando de forma acumulativa e actualizada o contido establecido pola normativa básica estatal de aplicación. A xestión do historial académico electrónico rexerese polos principios de autenticidade, integridade, dispoñibilidade, confidencialidade e trazabilidade da información, garantindo a conservación segura dos datos e o respecto absoluto á lexislación de protección de datos persoais.

### **Artigo 65. *Rexistro de datos e responsabilidade***

1. Os centros docentes e o seu persoal están obrigados a incorporar puntualmente ao historial académico electrónico os datos académicos e de orientación do alumnado baixo a súa responsabilidade.
2. Cada avaliación, informe ou decisión relevante deberá ser rexistrada sen demora e con veracidade polos profesores ou polos servizos de orientación correspondentes, seguindo os procedementos dixitais establecidos.
3. O sistema de historial académico electrónico asegurará a trazabilidade de cada anotación, rexistrando a identidade da persoa usuaria que realiza a inscrición ou modificación de datos e a data e hora desta. As persoas directoras dos centros velarán pola calidade e exactitude dos datos inscritos, realizando comprobacións internas periódicas.
4. O acceso ao expediente académico electrónico do alumnado estará restrinxido ao persoal debidamente autorizado e relacionado co proceso educativo, aplicándose o principio de mínima necesidade de coñecemento. O incumprimento das obrigas de actualización, veracidade ou custodia dos datos poderá dar lugar á exigencia de responsabilidade disciplinaria ou administrativa, nos termos previstos na lexislación aplicable.

### **Artigo 66. *Simplificación e automatización da xestión documental***

A Consellería competente en materia de educación definirá medidas que simplifiquen os procesos de xestión documental e sistematicen o tratamento dos datos nos centros educativos co obxecto de optimizar e garantir unha xestión e un acceso máis áxil e seguro da información.

### **Artigo 67. *Xestión e supresión de datos persoais ao remate da escolarización***

1. Ao finalizar a escolarización do alumnado, os centros educativos deberán proceder á supresión de todos aqueles datos persoais que non resulten precisos para a conservación do expediente académico electrónico do alumnado. A eliminación abranguerá, entre outros:
  - a. existros de comportamento ou actividade en plataformas dixitais educativas.
  - b. Metadatos de uso asociados á interacción coas ferramentas tecnolóxicas do centro.
  - c. Mensaxes, chats, comentarios ou outras comunicacións emitidas a través dos

espazos virtuais institucionais que non formen parte do expediente académico electrónico.

- d. Calquera outro dato xerado polo uso das tecnoloxías educativas que non poida formar parte do expediente académico electrónico.
2. Os centros deberán emitir, cando así se solicite, unha certificación que acredite a correcta eliminación dos datos non esenciais, garantindo a trazabilidade e o cumprimento dos protocolos establecidos pola Administración educativa.
3. A consellería competente en materia de educación porá á disposición das familias e do alumnado ferramentas dixitais oficiais que permitan solicitar e xestionar de maneira sinxela o acceso, actualización e supresión de datos persoais, asegurando un procedemento claro, accesible e integramente telemático.
4. Os centros deberán aplicar o principio de minimización na recollida e tratamento de datos, limitándoos aos estritamente necesarios, e adoptando medidas técnicas e organizativas que garantan a súa protección, conservación axeitada e eliminación efectiva
5. A consellería competente en materia de educación establecerá mecanismos de supervisión periódica destinados a verificar a aplicación destes procedementos, así como a actualización e cumprimento dos protocolos de xestión e supresión de datos nos centros educativos.

#### **Artigo 68. Principio de orientación ao dato**

1. O sistema educativo galego aplicará un enfoque orientado ao dato na planificación e avaliación das políticas educativas.
2. A información recompilada no expediente académico electrónico poderá ser tratada pola Administración educativa, de forma anonimizada ou pseudonimizada, para fins estatísticos, de investigación educativa e de mellora do servizo público de educación, ofrecendo servizos proactivos á comunidade educativa, en exercicio das competencias que lle atribúe a lexislación vixente.
3. En particular, permitirase a análise destes datos para deseñar medidas de prevención do abandono escolar temperán, avaliar a eficacia de programas educativos e innovacións pedagóxicas, axustar a planificación de recursos e informar a toma de decisións con evidencia obxectiva. Estes tratamentos realizaranse con suxeición aos principios de

minimización e proporcionalidade, e nunca se adoptarán decisións que afecten individualmente ao alumnado baseadas unicamente en resultados automatizados sen intervención humana, de conformidade co artigo 22 do Regulamento (UE) 2016/679, de 27 de abril de 2016. Cando proceda, levaranse a cabo avaliacións de impacto sobre a protección de datos antes de emprender tratamentos masivos ou automatizados de datos educativos.

### **Artigo 69. *Indicadores e avaliación do sistema educativo***

1. A consellería competente en materia de educación establecerá un sistema de indicadores fundamentado nos datos agregados no expediente académico electrónico e noutras fontes de información institucional, co propósito de medir o rendemento e a equidade do sistema educativo e impulsar a súa mellora continua.
2. Estes indicadores abranguerán, entre outros, as taxas de promoción e titulación, os niveis de competencia alcanzados polo alumnado nas avaliacións de diagnóstico, as porcentaxes de idoneidade e abandono escolar temperán, así como outros indicadores de calidade e inclusión. Cos resultados destes indicadores elaboraranse informes periódicos de avaliación do sistema educativo galego, que permitirán ás autoridades educativas e á sociedade en xeral coñecer a evolución do sistema e a eficacia das políticas aplicadas. A consellería utilizará esta evidencia para o deseño e axuste das súas actuacións, fomentando así unhas políticas educativas baseadas en datos e evidencias. Os datos difundidos con fins estatísticos ou de rendición de contas presentaranse de forma agregada ou anonimizada, protexendo a privacidade do alumnado e do persoal.
3. A medición de resultados servirá de base para a planificación estratéxica, a mellora continua do sistema educativo e a toma de decisións fundamentadas en evidencia, sen prexuízo das competencias de avaliación que correspondan a Inspección Educativa e a outros órganos especializados.

### **Artigo 70. *Soberanía do dato educativo***

1. A información persoal do alumnado, en particular a relativa a menores de idade, deberá permanecer baixo soberanía exclusiva da Unión Europea, garantindo que todos os procesos de almacenamento, tratamento, consulta, copia de seguridade e recuperación se realicen unicamente en servidores físicos situados dentro do territorio da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo.
2. Queda prohibido que os datos educativos do alumnado, incluídas as súas copias, réplicas

ou sistemas de respaldo, se aloxen en servidores ou infraestruturas situadas fóra da Unión Europea, con independencia da sede social ou estrutura corporativa da entidade prestadora dos servizos dixitais empregados no ámbito educativo.

### **Artigo 71. *Coordinación e interoperabilidade***

1. A Consellería competente en materia de educación poderá establecer convenios ou protocolos de colaboración con outras administracións públicas, universidades, centros de investigación ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos baseados en datos educativos, sempre que se garantan as condicións de legalidade, proporcionalidade e seguridade no tratamento.
2. A Administración educativa promoverá a interoperabilidade dos sistemas de información educativa, co fin de facilitar a integración, análise e reutilización dos datos, así como a súa conexión con outras fontes estatísticas ou administrativas, en beneficio da mellora do sistema educativo galego.

## CAPÍTULO II

### Da Gobernanza

#### **Artigo 72. *Gobernanza e supervisión dos sistemas dixitais educativos***

Correspóndelle á consellería competente en materia de educación en coordinación coa entidade instrumental do sector público competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e desenvolvemento tecnolóxico planificar, e supervisar a implantación da administración dixital educativa en Galicia. O departamento competente en materia de educación en coordinación coa entidade instrumental do sector público competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e desenvolvemento tecnolóxico establecerá as directrices técnicas e organizativas para o seu desenvolvemento e actualización.

#### **Artigo 73. *Comisión técnica para o asesoramento en Educación Dixital***

1. A persoa titular da consellería con competencias en materia de educación poderá constituír unha comisión para a análise e valoración dos recursos, metodoloxías, enfoques e ferramentas que poidan ser de utilidade e transcendencia para acadar unha educación dixital de acordo cos principios e preceptos da lei.

A comisión poderá estar formada por autoridades e persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma e do seu sector público con competencias relacionadas coa educación dixital, así como por persoas expertas do ámbito científico e/ou académico para un asesoramento especializado. En particular, en canto ás autoridades que poderán formar parte, serán as relacionadas con competencias en materia de educación en todos os seus niveis e réximes, as tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, asesoramento pedagóxico, científico, en dereito, inclusión social, sostibilidade e innovación.

2. A comisión terá a natureza de grupo de traballo. A consellería competente en materia de educación terá en conta o resultado dos estudos ou valoracións efectuados polo grupo de traballo para os efectos da adopción de decisións en materia de educación dixital.

#### **Artigo 74. *Estratexia galega de Educación Dixital***

1. A Estratexia galega de Educación Dixital terá por obxecto o establecemento dos obxectivos xerais e particulares que se pretendan acadar co seu desenvolvemento no ámbito da educación dixital en Galicia nun período temporal definido. Así mesmo,

procurará a coordinación da participación da Comunidade Autónoma de Galicia nos programas e estratexias nacionais e internacionais, asegurando ademais o aliñamento desta estratexia coas demais estratexias vixentes en materia de innovación educativa, e promoverá a xestión, medición e avaliación dos resultados obtidos en relación cos obxectivos propostos.

2. A elaboración da Estratexia galega de educación dixital corresponderalle á consellería competente en materia de educación. A súa aprobación correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia.
3. A información básica que, de forma xeral, incluírá a Estratexia galega de educación dixital, así como a estruturación das súas bases e do seu desenvolvemento, será como mínimo a seguinte:
  - a. Unha análise da situación de partida dos principais aspectos e indicadores relacionados coa educación dixital no contexto galego e da súa relación con estes no ámbito estatal e internacional.
  - b. Unha análise dos recursos necesarios, tanto humanos, especialmente en materia de formación e acreditación da competencia dixital, como materiais, técnicos e tecnolóxicos dispoñibles nos centros así como as súas necesidades de evolución e implantación progresiva no período previsto de duración da Estratexia, ou ata onde o horizonte temporal da prospección tecnolóxica poida permitir considerar con fiabilidade.
  - c. O financiamento previsto con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma, as demais achegas estatais ou comunitarias e as de entidades de carácter público ou privado.
  - d. As posibilidades de concertación con outras estratexias e plans relativos de ámbito estatal ou internacional que, polos seus contidos ou polo seu contexto de desenvolvemento, resulten de interese para Galicia.
  - e. As bases nas que se sustenta a Estratexia, incluíndo aqueles documentos de consenso, recomendacións ou estratexias marco que poidan ser de aplicación; así como o aliñamento coas demais estratexias vixentes na Comunidade Autónoma en materia de innovación e desenvolvemento tecnolóxico.
  - f. As prioridades estratéxicas para o período de duración da mesma.
  - g. Os indicadores ou métodos para realizar o seguimento da execución e da eficacia dos programas previstos.
  - h. Os resultados obtidos da execución de estratexias previas, en relación co nivel de cumprimento dos obxectivos previstos.

4. O período de vixencia da Estratexia será de cinco anos con carácter xeral. Non obstante, poderán establecerse períodos de vixencia diferentes, coa debida motivación das razóns que o xustifiquen, que en ningún caso será superior aos dez anos.
5. A consellería con competencias en materia de educación promoverá a participación na recollida de información e na redacción da Estratexia. Neste sentido, estableceranse os mecanismos necesarios para a achega de propostas e suxestións e a obtención de consensos nas grandes liñas de actuación.

**Disposición adicional única. *Uso das ferramentas corporativas de xestión e datos educativos***

1. Os centros docentes do sistema educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, con independencia da súa titularidade, que impartan ensinanzas reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, deberán utilizar as aplicacións e ferramentas corporativas de xestión académica e administrativa que a consellería competente en materia de educación poña á súa disposición, para a comunicación dos datos e información necesarios para o exercicio das funcións de planificación, avaliación, inspección e elaboración de estatísticas educativas oficiais. Os centros deberán manexar estas ferramentas con dilixencia, asegurando a actualización permanente e a exactitude dos datos introducidos nelas.
2. A utilización destas ferramentas limitarase á remisión da información estritamente necesaria para os fins indicados, de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos persoais, seguridade da información e interoperabilidade dos sistemas.
3. A consellería competente en materia de educación establecerá as condicións técnicas de acceso, uso e actualización das aplicacións corporativas, así como os prazos e procedementos de remisión da información, garantindo criterios de simplificación administrativa, proporcionalidade e redución de cargas burocráticas para os centros.

**Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa***

Autorízase ao Consello da Xunta de Galicia para ditar todas as disposicións que foren precisas para desenvolver esta lei.

**Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor***

Esta lei entrará en vigor vinte días despois da súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG).



ANTEPROXECTO DE LEI

# LEI DE EDUCACIÓN DIXITAL DE GALICIA



XUNTA  
DE GALICIA